

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DIA 8 DE XUÑO DE 2009.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugardos, sendo as doce horas e cinco minutos do día oito de xuño do ano dous mil nove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde-presidente de D. Xosé Fernández Barcia, con asistencia das/dos concelleiras/os D. José Antonio Bouza Rey, D. José Juan Roca Lorenzo, Dna. M^a. Angeles Diaz Prados, D. Ignacio Fernández Fernández, Dna. Maria Africa Pérez Filgueiras, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, D. Emilio Varela Deibe, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero e D. Manuel Eugenio Fariña Doval. Non asisten, con excusa, os/as concelleiros/as Dna. Begoña Gomez Diaz e D. Juan A. Fernández Ameneiro. Asiste tamén a Interventora municipal, Dna. Vanessa Garcia Barreiro.

Actúa como secretario o que o é da corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- MODIFICADO DO PROXECTO DAS OBRAS DE “PISCINA CUBERTA PARA OS CONCELLOS DE ARES E MUGARDOS”.

Sr. Alcalde: Ben este e un tema que ven da comisión que ven aprobado por unanimidade, e si algún grupo quere intervir abrese un turno de palabras.

Sr. Fernández Fernández (que traducido dí): Bos días a todos lamento profundamente o ter que actuar hoxe como portavoz do grupo socialista non era este o motivo polo que cheguei a esta corporación e máxime cando o motivo de asumir esta función e o tráxico momento persoal polo que está a pasar o noso portavoz Juan Fernández a causa da súa situación laboral. Neste momento Juan e o seu compañeiro de Montajes Cabrales están a iniciar un encerro indefinido no Concello de Fene que será prólogo a unha folga de fame que se iniciará o mércores ás doce do mediodía si transcurridas corenta e oito horas de encerro non se produciron avances significativos na súa situación. Dende equí vaia a nosa solidariedade e enérxica protesta pola inxustiza que están a vivir os dous últimos traballadores dunha auxiliar declarada interna e para os que parece que non se fixeron os acordos do naval que serviron ata o de agora para centos de traballadores. Sorte a ambos dous para que non teñan que chegar a medidas tan drasticas e se imponha a xustiza e o sentido común. No referente ao punto en cuestión evidentemente apoiaremos como e lóxico o consensuado por todos os grupos con anterioridade.

Sr. Alcalde: Gracias Ignacio.

Rematadas as intervencións, sométese a votación o asunto e o Concello Pleno, tendo en conta o ditame da comisión informativa de facenda e patrimonio, en sesión realizada o día

14.04.2009, así como os informes da secretaría e intervención municipais, obrantes no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar aprobación ao “PROXECTO MODIFICADO EJECUCION DE PISCINA CUBERTA PARA OS CONCELLOS DE ARES E MUGARDOS”, redactado pola arquitecta Dna. Mercedes Hermida Feal, en data abril 2009, cun presuposto de execución por contrata de UN MILLÓN SETECENTOS OITENTA E TRES MIL SEISCENTOS SESENTA E TRES EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (1.783.663,98 €), o que supón un incremento de 296.585 € respecto ao proxecto orixinal.

2º.- Adxudicar directamente o “MODIFICADO EJECUCION DE PISCINA CUBERTA PARA OS CONCELLOS DE ARES E MUGARDOS” ao contratista principal D. OBRAS Y CONTRATAS AEDES S.L. no precio de 296.585 euros, ive incluido, o que supón que o prezo total do contrato, incluído o do presente modificado, queda fixado na contía de 1.783.663,98 euros, ive incluido.

3º.- Aproba-lo gasto con cargo á partida 2002.0.452.0.62200 do vixente presuposto.

4º.- Que se lle notifique ó adxudicatario o presente acordo dentro do prazo de dez días e se lle requira para que, dentro do prazo de quince días, contados a partir da notificación, proceda ó reaxuste da garantía definitiva pola cantidade de 11.863,4 euros, así como á formalización administrativa da presente modificación.

5º.- Remitir o presente acordo e copia do modificado do proxecto á Excma. Deputación Provincial - Sección Patrimonio e Contratación - aos efectos da xustificación do convenio de colaboración asinado entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e os Concellos de Mugardos e Ares para financiar as obras incluídas no proxecto básico e de execución da piscina cuberta climatizada compartida Ares-Mugardos (Nº. 320/2006).

6º.- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Ares para o seu coñecemento e efectos.

2.- MOCIÓN DA PORTAVOZ DE EU-IU SOBRE CONSTRUCCIÓN DUN LOCAL PARA OS MARÍNEIROS PARA GARDAR APARELLOS.

Sr. Alcalde: Ten a palabra a poñente da moción.

Sra. Pilar Díaz Otero (que traducido dí): Ben, pois bos días a todos e a todas e a exposición de motivos eu creo que é clara e unha aspiración do conxunto de mariñeiros de Mugardos e probablemente do Concello nalgúns momentos con mais énfasis que neste ou con menos énfasis, pero tamén do conxunto da poboación. E dicir a capacidade de mirar ó mar e que se poida traballar nas mellores condicións posibles eu creo que unha aspiración que une o conxunto dos veciños de Mugardos. Nese sentido é unha moción de intencións para que o concello asuma como propio a reivindicación de que haxa un local onde poidan gardar as nasas, as redes e os demais aparellos e polo tanto caminar nun sentido conxunto se fora

posible coa confraría de pescadores para demandar da Xunta de Galiza que a que ten as competencias ese local, nese sentido estamos abertos a calquera outra suxerencia para poder melloralala e polo tanto que poida ser un acordo unánime do Concello Pleno.

Sr. Alcalde: Ben abrese o turno de palabras. Ten a palabra Juan Domingo

Sr de Deus Fonticoba (que traducido dí): Bos días, en primeiro lugar nos xa eramos conscientes desta necesidade e transmitimola fai unhas semanas á Xunta de Galiza, e o que pasa e que bueno, loxicamente de forma institucional parecenos axeitado que se pida dende o Concello Pleno de todas maneiras a Xunta de Galiza xa ten esas necesidades enriba da mesa, e polo tanto se estan a estudar esas cuestións. De todos os xeitos nós vemos un punto aquí un pouco a bolígrafo non sei si e parte da moción ou non o é. Polo menos no noso, non sei se foi fotocopiado do expediente, non o sei moi ben, aquí pon que insta a Xunta de Galiza para que asuma a construcións de locais para que os mariñeiros poidan gardar as súas artes de pesca. En todo caso non sei se puxo algún compañeiro, nos en todo caso xa que non ven, pediríamos que se aceptara a emenda de instar á Xunta que a que ten competencias e polo tanto terá que asumilas. E...está ou non está

Sra. Díaz Otero (que traducido dí): supoño que alguén explicará que a introduxo como unha modificación

Sr. Alcalde: Por parte do BNG se entende que na moción debe ir recollido o que está aquí escrito e que lle propoñemos á poñente... Se a poñente o considera oportuno pois... Ben Ignacio tes a palabra.

Sr. Fernández Fernández (que traducido dí): A nosa intervención ia mais ou menos no sentido da do grupo popular xa que nós tamén vemos esa necesidade evidente todos sabemos a mala imaxe que da o noso peirao con todos os aparellos en diferentes puntos de forma anárquica e o perigo que sufren os peatóns paseando por riba deles. Entón nos vemos a necesidade con evidente claridade e nós sinxelamente para que quedara claro que esto non o asume o Concello porque non creemos que sexa unha tarefa que deba asumir o Concello, nos iamos a proponden a consideración da poñente no punto un, retirar unicamente as palabras asumir e construción para deixalo en necesidade dun local onde os mariñeiros de Mugar dos poidan gardar as súas redes e tal. E no punto dous retirar tamén a palabra construción para deixalo en propiciar unha reunión coa confraría de Mugar dos para de forma conxunta articular as medidas necesarias para conquistar un local onde os mariñeiros de Mugar dos poidan gardar as súas redes nasas etc. E engadir un punto tres que diría: “Instar a Xunta de Galiza para que habilite e xestione os recursos para a construción do devandito local”. Isto permitiría manter libre de paso por seguridade os pantaláns e instalacións portuarias que se atopan con aparellos depositados. Esta é a nosa proposta e a que sometemos a consideración da corporación e da poñente.

Sr. Alcalde: Ben, ten a palabra Bouza

Sr. Bouza Rey: Bueno si, bo día. A nós nos vale perfectamente, e ademais eu penso que é unha, xa unha reclamación que se fixo aos anteriores responsables de pesca, e nos vale perfectamente con ese engadido que todo o mundo leu, de instar á Xunta de Galiza para que asuma a construción de locais, tampouco estamos en contra do que está a dicir o voceiro do Partido Socialista, pero creo que todos estamos na mesma onda, e é o que pretendemos. O que si quería e facer tamén era pois bueno, unha reflexión ¿non?. Alí se fixo unha inversión importante e vemos que a zona antiga onde atracan as lanchas seguen a estar nunhas condicións pouco menos que lamentables, alí non se retirou nada. Sabemos que tamén hai barcos enrolados en Ferrol que terían que ter todo iso en Ferrol e eu creo que tamén pois non sei si dende o Concello ou de a propia Consellería de Pesca facer un chamamento para que aquilo esté nunhas condicións óptimas para a zona onde se atopa. Polo demais xa digo, estamos a favor da moción e eu non sei o que dicía o Portavoz do Partido Socialista, si temos que recoller que tamén estaríamos en completa harmonía.

Sr. Alcalde: Ben, un pouco para aclarar un pouco o tema, porque evidentemente esto é unha cousa que creo que está asumida por todos os grupos, e neste sentido das necesidades que teñen os mariñeiros de ter unhas instalacións axeitadas para desenrolar o seu traballo. O que si é certo, e que no caso de Mugar dos se fixeron cousas que melloraron moitísimo o que son as instalacións portuarias, pero tamén e certo de que hai un agravio comparativo con respecto a outras zonas onde hai actividades pesqueiras e marisqueiras onde contan con instalacións axeitadas como son locais para poder gardar os seus aparellos, e todas as... as súas artes... Entón eu entendo que a moción está ben, e oportuna neste momento, porque hai un cambio de goberno e polo tanto pois eh... as competencias en materia de portos lle corresponde a Xunta de Galiza e por iso dende o BNG considerabamos que tiña que ser a Xunta a que asuma a construción destes locais. E tamén é certo que a puntualización que fai o Partido Socialista por parte do seu Portavoz Ignacio, pois ten moito contido no fondo porque si a deixamos así tal e como está redactada na ponencia, e... na moción pois se podan dar a entender que o Concello tamén ten que asumir unha parte... e non se trata de eso. O Concello está a favor de que se constrúa ese edificio, pero que o constrúa a quen lle corresponda facelo, polo tanto nos tamén estamos de acordo en que se retire a necesidade da construción, senón a necesidade dun local que cadraría perfectamente e retirar esas dúas palabras de construción e... Fariña tes a palabra.

Sr Fariña (que traducido di): Si, bos días a todas, e a todos, eso xa o dis ti. Dúas cousas a primeira aclaración é en función da intervención do Alcalde é certo que se fixeron intervencións importantes en Mugar dos, pero a continuación punto e seguido eu creo que e bon mencionar que non era o demandado por esta corporación no seu tempo. Polo tanto non se fixo o que debería de terse feito, fixose outra cousa pero non o que se dixera. E non e unha declaración e é que de sempre, practicamente de sempre, nunca se entrou, non nunca, case nunca se entrou no que é a exposición de motivos, e claro hoxe me atopo en que hai unha dicotomía entre o que di o exposición de motivos, non en esta, en moitas das que vamos a ver hoxe, e o que son os acordos. Polo tanto nalgúns dos casos vou a intentar ao menos pola miña parte, que quede claro que a exposición de motivos a comparto ou non a comparto ou intento modificala. E no punto no que estamos hoxe, pois vou a votar que si, sinxelamente, con unha salvedade, non e igual que os matices que se din por aquí, valíame perfectamente como está,

porque no fondo cando se fala de non construción estamos a dicir que nunha construción que existe hoxe, polo menos en unha, si se pode facer iso. E eu de esa construción que todos sabedes perfectamente, o que quero e tirala, que é a famosa Casa do Reloj, que eu penso que sería o idoneo para Mugardos, como se fixo noutras partes. Pero bueno tampouco lle poño pegas ao tema, pero si a salvedade, e a introducción na exposición de motivos a outra aspiración dos mugardeses que e acadar que o tránsito de peatóns por todo o peirao sexa con seguridade, sen que teñan que salvar os obstáculos que produce o almacenamento dos aparellos. E iso e bon. Porque neste pleno xa se debatiu mais dunha vez lesiones producidas en peatóns polo peirao de Mugardos. Nada mais.

Sr Alcalde: gracias Manuel. Pilar

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Si haber, eu creo que...o intercambio de opinións valeu a pena e eu creo que todo cabe na moción, e tanto por empezar polo final, a parte que di Fariña, en canto a exposición de motivos, que se incorpore, e certo que hai duas partes, por unha parte a que está vinculada ó traballo productivo, e por outra parte a que é o tránsito de peatóns turistas e demais, e polo tanto é perfectamente asumible. En canto a proposta que fai o Partido Socialista, no punto número un asumese, retírase o da construción e manifestando que eu tampouco estou pensando no local ó que fai referencia Fariña, nin moito menos, é decir. No punto número dous retirar a palabra construción e no punto número tres como a proposta do BNG e a do Partido Socialista ten bastantes similitudes, como a do Partido Socialista fai unha puntualización mais dando continuidade ao que se introduxo na exposición de motivos en canto ó paso, a seguridade nos pantaláns e nas instalacións. Eu proporía engadir un punto tres, o texto que propón o Partido Socialista en detrimento do que propón o BNG, por ser mais completo. Si así vale, quedaría así, se nos vale a todos

Sr. Alcalde: ben, pois... Partido Socialista...

Sr. Fernández Fernández (que traducido di): Como non vamos a estar de acordo, si fixemos nós esas propostas

Sr. Alcalde: Ben, ben, o BNG, está dicindo que lle valen perfectamente

Rematado o debate, sométese a votación o asunto e o Concello Pleno, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á moción presentada polo grupo municipal de Esquerda Unida sobre a construción dun local para os mariñeiros para gardar os aparellos, coas modificacións introducidas polo BNG e o PSOE e a emenda de IPM en canto a exposición de motivos xa transcritos e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1º.- Asumir a necesidade dun local onde os mariñeiros de Mugardos poidan gardar as súas nasas, redes, etc.

2º.- Propiciar unha reunión coa Confraría de Mugardos para de forma conxunta articular as medidas necesarias para conquistar un local onde os mariñeiros de Mugardos poidan gardar as súas redes, nasas, etc.

3º.- Instar a Xunta de Galiza para que habilite e xestione os recursos para a construción de locais para que os mariñeiros de Mugardos poidan gardar as súas redes de pesca. Isto permitiría manter libre de paso por seguridade os pantaláns e instalacións portuarias que se atopan con aparellos depositados.

3.- MOCIÓN DA PORTAVOZ DE EU-IU SOBRE A SOLICITUDE DUN CRÉDITO VINCULADO Á XENERACIÓN DE EMPREGO PARA PERSOAS DE MUGARDOS.

Sr. Alcalde: ten a palabra a poñente.

Sra Díaz Otero (que traducido di): Bueno, ben, o debate nós, como vedes a moción e moi aberta, no sentido de que so marca unha vontade política, e é a vontade política de debatir, eu puxen estas dúas comisións pero bueno poderían ser outras pero sinxelamente reflexamos a de Promoción Económica, Formación e Emprego e Turismo polo carácter que ten e a comisión de Facenda e Patrimonio, pero si a moción vale para poder debatir despois, iniciar o traballo, e nós como o anterior estamos abertos ah.... a calquera modificación. Por iso o punto número tres tamén vai aberto. O único que vincularía a moción entre comillas, é debatir que cantidade de crédito, sempre cos informes técnicos precisos, podería estar en disposición este Concello de solicitar, se houberese esa vontade política vinculado fundamentalmente a xeración de emprego dados, aínda que é verdade que neste derradeiro mes hai un pequeno descenso en Mugardos do paro. E é previsble que no verán a raíz da limpeza de praias, a raíz dos contratos do INEM e a raíz do repunte do sector turístico e servicios, baixe un pouco máis, pero de todos os xeitos, segue a ser un índice moi elevado. Polo tanto, nós o que pretendemos é que se debata no Pleno de hoxe, e por eso está a inconcreción. É a vontade política de que poidamos iniciar o debate de solicitar un crédito vinculado a xeración de emprego e que os órganos de participación do Concello, ben sean as Comisións que eiqui reflexamos ou outras comisións, sean as que marquen a pauta do debate para intentar chegar a un acordo que eu creo que sería positivo que fora por unanimidade en caso de que haxa esa vontade política que é agora un pouco a que se debería de manifestar dende o noso punto de vista.

Sr. Alcalde: ben.... Palabras. Fago un repaso. Ten solicitada a palabra o portavoz do Partido Socialista, o portavoz do BNG, e o portavoz de Independentes por Mugardos. Ben Ignacio tes a palabra

Sr. Fernández Fernández (que traducido di): Somos conscientes de que a actividade económica dun concello debe de ser fonte de preocupación de calquera corporación. Da súa actividade económica dependen os seus veciños e veciñas que o habitan. E dende logo cando estas se atopan en momentos baixos, e aparece a figura do paro, somos os políticos os que debemos aunar esforzos e vontades para que esta lacra se instale no menor número de fogares do noso concello. O grupo socialista apoiará calquera medida que cun plantexamento lóxico e

eficaz, favoreza a redución do paro, e o aumento da actividade económica. Agora, cremos que debemos pensar e planificar con profundidade de que maneira se actuará no caso de consensuar a petición realizada polo grupo de Esquerda Unida. Por un lado, non debemos lastrar mais a pesada carga das contas municipais, senón é para obter un fruto jugoso, é dicir, a consecución do obxectivo buscado, e que o plan se traduxo nos efectos desexados. Por iso as actuacións deben ser concretas e definidas, antes, repito antes, de solicitar un crédito. Pero dende logo, se ademais levan aparelada a compra de terreos, que sexa porque hai un proxecto de execución inmediata á adquisición dos mesmos, para xerar postos de traballo, para un ben comunitario e social, ou inclusive para actividade innovadora e creadora de riqueza. Os terreos parados para o que un futuro poidese determinar, non xeneran riqueza nin emprego no presente. Por todo o dito, apoiaremos a moción do grupo de Esquerda Unida, pero sometemos á consideración de todos os grupos as que mencionamos á utilización do crédito, al consenso dos proxectos a realizar e as limitacións á compra de terreos e inmobles.

Sr. Alcalde: Gracias Ignacio.

Sr. Bouza Rey: Ben, vamos a ver, nós o que dicimos é que non estando en contra do fondo do que é a moción si nos vamos a opoñer de que o Pleno fixe de pedir un creto para unhas obras aínda sen determinar. Entón, como ven pon a moción, no segundo punto que dí que a comisión de Promoción Económica Formación, Emprego e Turismo, e na comisión de Facenda se estuden todo isto que podía conlevar o.... a creación de postos de traballo. E coincidindo en moito co que dixo o portavoz do Partido Socialista, nós o que pedimos é que pase á comisión de Promoción Económica e mais á de Facenda, que se fagan propostas concretas do que se poida a...falar alí ou...e...ou os plans concretos que se poidan facer porque o que si estamos en contra, e así como dicía o Portavoz do Partido Socialista, e que nestes momentos de crise, que todo o mundo sabemos que estamos a vivir pois que se fagan inversións sen concretar. Sen facer concrecións concretas de que vamos a mercar terreos, pero cando vamos a poder realizar o que pretendemos facer nos terreos. Entón eu lle pediría á Portavoz de Esquerda Unida, que retirara o primeiro punto que é a solicitude dun crédito vinculado, que se discuta nas diferentes comisións e que si unha vez discutidos se todo o mundo ten a ben, o traeremos a Pleno a posible modificación de creto.

Sr Alcalde: Señor Fariña

Sr. Fariña (que traducido di): Ben, dúas cousas. Eu estou de acordo coa moción, e polo tanto afirmo que vou votala a favor. Pero quero facer dúas consideracións. A primeira é, que o que eu creia ata o de agora, de que era unha moción bastante inconcreta, teño que dicir que está ben feita, ¿pois porque? porque a inconcreción levanos a que ten que pasar por comisión, polo tanto é unha obviedade. Non se podería aprobar o temor que dí o BNG, esta moción, sin facer o que dicías ti. É imposible. ¿Que aprobamos? ¿Canto? ¿Canto? ¿Un euro ou un millón de euros? ¿Para qué? Aquí non ven nada, polo tanto non podería ser así. Eu creo que un error que é a inconcreción saúdo porque é inconcreta é o único que expresa é en vontade política de querer facelo. Polo tanto pase a Comisión de Facenda antes. E ademais por unha razón sinxela, que poideran surxir temas que todos temos en mente, pero que ninguén quere plantexar. E na comisión de facenda, eu penso que é bon, que se fale de isto, e

un pouco do que demandei na comisión que acaba de rematar fai un momentíño que é a evolución do diñeiro do presuposto ordinario en canto a recadación. E por último, quero facer unha simple reflexión, e é que na miña opinión en moi poucos municipios se distingue á oposición por intentar dinamizar o Concello. É dicir, señores do BNG, que estades gobernando... recoñezades eiquí, que por parte da oposición, polo menos hoxe é un caso ou outros, estamos a intentar botar man do que se pode para dinamizar o Concello. E eso é sempre moi rendable politicamente para o que está a gobernar. Polo tanto ese desprendimento político por parte de Esquerda Unida, tamén o quere asegurar. E digo, vou votar que sí, porque creo que na inconcreción está a afirmación que tanto o BNG, como eu mesmo agora mesmo, dixemos que ten que ser moito mais debatido na Comisión de Facenda.

Sr. Alcalde: Si Juan Domingo.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): eh... imos a ver. Nos compartimos o fondo da cuestión, que é dirixir toda a capacidade que ten o Concello para un fin concreto, que é neste a xeración de emprego. O que ben parece, ou o que dixo agora Manuel Fariña sobre a repercusión que ten o feito de dirixir ou de deixar aberta a vinculación de crédito cunhas determinadas obras, ben, pode ser mirade dende unha maneira positiva en canto que manifesta unha vontade de tomar medidas concretas. O certo é que tamén se pode ver de outro xeito. E é que a inconcreción de esas medidas concretas en si mesmas non é un proxecto concreto. Imos a ver se me explico. Partir da base de xerar un crédito sobre a creación de emprego, sen saber concretar as medidas para o que se quere facer, é tanto como o querer facer cousas sen saber o que. Polo tanto eu creo que o primeiro que hai que facer, cremos que o que primeiro hai que facer... é pasalo a comisión e consensuar ahí que medidas concretas se queren financiar para a xeración de emprego. Que logo poden vir consensuadas de novo a este Pleno. É dicir, facelo ó revés concreta en muy... unha medida grande, que si do resultado de ese debate chagamos a conclusión de que non é o que se había, ou cremos que esas medidas non van na dirección que nós pensamos, é que claro, nós xa comprometeramos á formalización dun crédito. Non é unha postura seria. É dicir, primeiro digo que quero un crédito é despois digo que non sei para que. Pero si as medidas que van ahí, non están na dirección que nos desexamos, pero como vostedes xa votaron a favor dun crédito, ¿agora que? ¿Se desdín do dito? Eu creo que non, eu creo que hai que concretar e moito, como dicía dende o Partido Socialista, que o primeiro que hai que adoptar é saber cales son as necesidades e as prioridades sobre as que hai que xerar ese emprego. Porque dicir que queremos xerar emprego, é dicir tanto como dicir que queremos salir da crise. Nós somos os primeiros. E ben, estamos de acordo tamén en que... en que a preocupación de xerar emprego coa que está caendo, e aínda maior. Pero nos veríamos con bon agrado que primeiro se debata nas comisións e de forma urxente se pode ser, cales son as medidas en concreto ou os plans que se poden establecer, para facer un plan de choque sobre o que é a xeración de emprego, baseada en sectores concretos. E baseada en xeración de medidas concretas. Se é cara a restauración de edificios municipais, se é cara a xeración de novos edificios, se é a xeración, nós queremos saber exactamente a que se vincula isto. E por outro lado, eu creo que o importante tamen a hora de crear emprego e coordinarse e sincronizarse con outras administracións. Porque se estamos a falar de crear emprego, paliando un millón de euros ou se está falando de cantidades que non.... Non vamos a determinar agora. Pero si en boa medida as administracións das que dependen en boa medida

este tipo de cuestións, colaboran dun xeito directo, pois aínda mellor, porque a contía do crédito pode ser menor. Unha carga menor para este Concello, e en canto que teñamos o respaldo doutras administracións que poidan avalar co seu apoio este tipo de inversións este tipo de créditos. Ou inclusive que a adquisición a crédito, que estamos de acordo que son tipos de interese baixos, pero vinculados a outro tipo de convenios con outras administracións puideran ser aínda maiores con outro tipo de garantías, e polo tanto, polo tanto estamos de acordo no fondo da cuestión e probablemente vaíamos a estar de acordo co que se está a plantexar. Pero eu penso que a forma na que se plantexa debería de ser ó revés. Debería ser levalo a comisión primeiro, entre todos saber cales son as medidas nas que se quere xerar ese emprego, e en función das necesidades cuantificar eses detalles e chamar á porta doutras administracións para ver si se pode facer aínda maior, mirar mais aló, ir mais aló en medidas que se sosteñan no tempo ou o que queremos sinxelamente é poñer un parche no camiño, xerar emprego de aquela maneira, e ben, e... que está ben xerar emprego. Pero nós creemos que hai que ir máis aló, e fomentar unha cultura da xeración que poida permitirnos no tempo xogar con maior estabilidade. Polo tanto que vaia vinculada a plans de emprego concreto, que xa digo, son moitos os que poida haber dende outras administracións, para ver como se fan. Polo tanto nós veríamos ben e con bos ollos que se retirara para levalo a comisión, xa digo dende o plantexamento de que estamos de acordo no fondo da cuestión.

Sr. Alcalde: En todo caso como aquí se falou dende a oposición ese interese por apoiar o equipo de goberno, sobre todo en tempos de crise como estamos a pasar, que efectivamente nós non buscamos solucionar a crise económica que hai no estado español, pero si dicir unha cousa que a nós nos parece ben ben...que... que... Que se intente fomentar o emprego, en Mugar dos, sobre todo da xente aquela que por desgraza non ten traballo, o que si eu entendo que... que bueno, si a... no fondo todos estamos de acordo en que efectivamente debemos remar todos cara o mesmo lado neste sentido. Eu creo que e moito mais, ten moita mais profundidade o tema este, porque o primeiro que eu coido que debería de facerse e mirar o perfil da xente que está parada en Mugar dos e que o que podemos facer con ese perfil de xente. Porque claro, nós podemos dicir, vamos a recuperar os edificios municipais e tal, pero se non temos personal de Mugar dos que se poida recuperar eses edificios, pois pouco podemos facer. E.. entendo que a primeira cousa e saber o perfil, que o sabemos perfectamente se queremos, pois da xente que está no paro en Mugar dos. Unha vez que sepamos o que temos, pois podemos direccionar con proxectos que poidan fomentar o emprego. De todolos xeitos pois, eu creo, eu creo que bueno a relación con outras administracións pois hai que intentar sacar todo o posible porque nosoutros somos o derradeiro vagón de cola do que somos as administracións, e somos os que ó final cargamos con todo. O falabamos fai un momento na comisión de cultura, de que efectivamente os concellos a sociedade demanda cada vez mais, mais servicios e mellores se pode ser. E claro todo eso recae na administración mais próxima, que somos o Concello, e o Concello o final se ve desbordado, e entendemos que bueno, creo que hai outra moción no sentido ese de que se mire por outras administracións mellorar a financiación dos concellos, que tamén podemos falar cando... cando lle toque o turno. En todo caso eu creo que o... que respetando perfectamente o interese da oposición, o interese de Esquerda Unida en buscar solucións os problemas, entendo que se debe estudar serenamente, como dicía antes, o perfil da xente que hai ahí, e en función de ese perfil, porque ó mellor no temos que recuperar edificios ou tal,

porque ao mellor o que temos que facer eu que sei, e limpar camiños porque o perfil da xente que hai eiquí non da para mais. Pero bueno, se é así, e todos decidimos que é así, pois o miramos. E en todo caso, eu tamen vería ben que xa digo que como Alcalde, que pasara as comisións respectivas, e con datos intrínsecos de... do que temos eiquí, sobre o personal, sobre as obras que se poden facer, e unha vez que teñamos todo ese perfilado pois é cando podemos tomar unha decisión. E... e Fariña tiñas unha

Sr Fariña (que traducido di): Eu, antes de que fagas o resumo final, porque senón haber se todo o que eu estou de acordo ó final non o é tanto. Entón algún tipo de aclaración. Eu tiña antes de comenzo o pleno, na concreción unha crítica. Ben, xa o dixen o principio, xa non e tanta crítica. Eu creo que é un eloxio tal como está plantexado, dadas as intervencións de todos e cada un de nós. Eu creo que si é certo, a aclaración que eu entendo así, e que ten que pasar, xa o di o escrito no punto dous, pasar á comisión, e o que se aproba é a vontade política de concurrir a un crédito. Sen determinar, nin en contía nin para que. Na miña opinión isto é un mandato para a Corporación, para que nos poñamos a traballar no tema. É a miña opinión. E unha aclaración mais, eu son partidario de pedir créditos para paliar o tema do paro, non so dende o punto de vista localista Alcalde, que tamén, eu penso se todos e cada un foramos responsables deste tema, cada Corporación, pois estaríamos dicindo cousas a determinar. Eu sei que non vamos a paliar o paro, como di Juan Domingo, xa sei que non, pero poñerlle paliativos ó descenso o polo menos mermar, ata que a recuperación veña eu creo que é a nosa obriga. Polo tanto, sen entrar en obras, eu creo que as obras teñen que ser necesarias. Co cal, facemos dúas cousas, algo que é necesario no Concello, facelo o Concello, pois paliamos o paro, paliamos na medida que poidamos o paro mediante este plan que parece ser que se vislumbra e que polo tanto faremos. Pero é tanta a concreción, que é necesario todo ese debate na comisión, e non facelo eiquí, non facelo eiquí. Eiquí expresamos a vontade de facelo, punto nada mais, é a miña opinión e por iso vou votar que si.

Sr Alcalde: Ben Pilar.

Sra Díaz Otero (que traducido di): Si, haber, eu cando Fariña o nomeou antes, dicía que era moi inconcreta. Eu lle dicía que a concreción tería que vir no debate das comisións, por iso ademais o punto número tres, vincula a obras en patrimonio municipal, a iniciativas que promovan o desenvolvemento de sectores productivos. É dicir, deixao aberto de tal xeito que a comisión poida ditaminar cal é o mais interesante para o conxunto de Mugardos, tendo en conta tamén os perfís dos parados que ven na propia exposición e nos da un certo reflexo do que podemos ter, e en que sector ou sectores están os parados de Mugardos, e eu creo que é o noso obxectivo final sin menoscabar os parados doutras poboacións eu creo que ese o noso obxectivo final. E que a situación tamén demostra unha gravidade importante, e certo que baixou no derradeiro mes, pero en abril tiñamos 485 parados rexistrados no INEM, que eu creo que unha cifra moi importante para o conxunto da poboación en Mugardos. O Concello non é o único que ten a responsabilidade, eso é obvio, creo que ninguén o discute. Pero si ten unha certa obriga de intentar corrixir a tendencia ou polo menos paliar o que se nos aproxima polo menos en varios anos. Eso é o que determina casi todo o mundo. E... Polo tanto que non viñese ningunha obra concreta, ten o seu sentido, eu creín que non era o Pleno o que debería estar a falar se dotamos de seguridade vial a Os Casas, ou arranxamos a Calle Fene, ou

facemos outra cousa, eu creo que non se debería de dar. Eu penso que o debate vai a ser longo, o importante é iniciar o debate, porque cada grupo terá as súas preferencias supoño. E polo tanto o debate será longo, e tamén imos a necesitar do apoio técnico suficiente eu creo para poder dar cos maiores datos posibles o debate e acertar na medida do posible tanto nas iniciativas seleccionadas como na xeración de emprego que se pode dar. En todo caso, como hai reticencias fundamentalmente polo BNG e o Partido Popular, mais aló das aportacións que fixo o Partido Socialista en canto a vinculación que sería un debate na comisión, e polo tanto así podería quedar reflexado. Eu lle incorporaría en todo caso, ó punto número un, e quedaría de tal xeito, se así podería dar unanimidade e é: “A solitude do credito se fose necesario, vinculado a xeración de emprego, a obras e iniciativas concretas”. É dicir, que gozaran do acordo da comisión onde se vai a debater. Polo tanto, a vontade da moción, quedaría nunha vontade de debate nesa comisión, en función das propostas e iniciativas plantexadas a comisión decidiría tamén a necesidade ou non da solicitude do crédito que eiquí se propón para abordar eso. Eu creo que con eso quedaría reflexado un pouco as reticencias que teñen o BNG e o PSOE, al Concello no ditaminar a solicitude dun crédito vinculado, senón a solicitude dun crédito se fose necesario vinculado a xeración de emprego, ou obras e iniciativas concretas. Eu creo que eso reflexa un pouco o espírito do que se puido dicir eiquí. O dous quedaría igual, que o ten que debater a Comisión de Promoción Económica e a Comisión de Facenda. E o tres, ben, que terá que estar vinculado practicamente a todo, polo tanto esa sería a nosa proposta de non contar con respaldo pois deixaríamos o texto tal e como está.

Sr. Alcalde: haber... eu entendo que... que moi oportunamente di Pilar, que era sacar adiante a túa moción. O que pasa e que eu entendo que ven feita ó revés. E eu estou disposto a debater no Pleno unha vez que se conclúa nas comisións respectivas o que queremos facer. E despois o decidiremos no Pleno. Decidir antes unha cousa, sen debater nada antes en comisións, creo que non é o metodo ¿non?. Todo caso, eso é o que penso eu. De todas formas os grupos que... poden....

Sr. Fariña (que traducido di): Haber Alcalde. Eu estou de acordo co que acabas de dicir ti. É que non pode ser de outro xeito. Esto e mostrar a vontade, eu entendo así senón non voto a favor, a vontade de discutilo nas mesas que sean necesarias. ¿Para que? Para logo vir eiquí. Porque ahí pode vir a unidade ou a discrepancia. Pero non se pode aprobar sen mais. Terá que vir ó Pleno, e debater o Pleno que o que estás dicindi ti. Non e nada mais.

Sr. Fernández Fernández (que traducido di): eu non so estou de acordo co que acabas de dicir, senón que está perfectamente reflexado no punto dous porque di: que acorde o Concello Pleno despois despois do seu debate e aprobación na Comisión de Promoción Económica Formación Emprego e Turismo e na Comisión de Facenda e Patrimonio. O sea que é previo o acordo nas comisións, a continuación o acordo no...

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Haber, haber, eu votaria de menos, a verdade, un informe sobre esta cuestión, porque eu creo que hai un debate de fondo que sin entrar na esencia, eu quero xerar, nos queremos xerar emprego. Eu creo que non cumpre con coas competencias do Pleno. E non o creo por unha sinxela razón. Nós se platea a vontade da

solicitude dun crédito, dun crédito en xeral, sin vincular nin a contía do crédito que está moi ben como vontade política, pero esto é un acordo plenario, e polo tanto poidera derivarse do debate político en que as medidas non son concretas, pero o acordo plenario manifesta o acordo de xerar un crédito. Polo tanto se contradiría co tema, imos ver, é tanto como se eu traio unha moción eiquí dicindo que sobre a vontade de xerar un crédito pois para que todas as asociacións culturais teñan a maior financiación. Pero haberá que concretar a contía do crédito, non sei o que dirá o secretario o respecto pero eu creo que a vinculación de créditos nun pleno ten que vir destinada a uns fins concretos, o a apertura dun crédito e suficiente medida para un acordo plenario, pregunto, porque entón, desta inconcreción podense plantexar numerosas causas. Pedir créditos para cousas, eu creo que non é unha medida exactamente. E polo tanto eu a entendo exactamente ó revés. Non se trata de fomentar vontades, se trata de que hai un acordo plenario e loxicamente o acordo plenario e vinculante en canto que do que se derive da discusión xa está a solución tomada. É dicir, se ti da solución, nós chegamos a un acordo de que as medidas que se van a adoptar non son as idoneas, pero xa reservamos un acordo plenario de xeito que queremos usar o crédito, é dicir, se contradí a inconcreción cun acordo plenario que baixo o noso punto de vista, sobre o meu, non se corresponde coa legalidade. E eu non que incorrer nesa, e polo tanto o mais doado e facelo o revés. Debatamos todo, e cando esté todo debatido vimos eiquí e dicimos: o Concello Pleno quere un millón de euros de crédito extraordinario, e nós o votaremos. Pero ir sobre a inconcreción non nos parece responsable.

Sr. Alcalde: Un pouco para aclarar un pouco. Abrese antes de que peches Pilar.... Eiquí non é a primeira vez que entre os grupos se fala de solicitar un crédito. Mesmo se falou no tema dos orzamento de ir a crédito tal... Entón o normal para esas cousas é que a interventora faga un informe eh... a intervención de feito creo que xa o ten eh?... pero non... E ese informe é o que ten que vir eiquí porque hai que determinar a que obras van dirixidas e todo iso... Entonces claro, pero mentras non se pode aprobar. Ben, imos ver, nós entendemos que debe pasar por comisión primeiro, e unha vez de que eso o traemos outra vez eiquí outra vez ó Pleno. Entón pedimos que pase por Comisión primeiro.

Sra Díaz Otero (que traducido di): Ven nós imos a someter a moción a votación, porque... porque a inconcreción da moción concreta que se terá que debatir nas respectivas comisións para que poida vir ó Pleno. Tanto as obras como a contía do crédito.

Sr. Alcalde: e se na comisión chegamos a concreción de que non necesitamos pedir un préstamo

Sra. Díaz Otero (que traducido di): pois non se pide, claro claro... no primeiro xa se engade se fose necesario. Se fora necesario no punto número un. Ims ver, nos xa propuxemos a intervención anterior dado as reticencias que poñía o BNG e o Partido Popular a solicitude dun crédito se fora necesario, vinculado a xeración de emprego, obras e iniciativas concretas. Recollendo e espírito do que se dixo.

Sr. Alcalde: eu é que estou en contra de pedir un crédito. Si, pero despois se din todos... tes que pedilo. Eu non quero... xa pero que... agora estamos eiquí no Pleno. Haber, esto é unha moción política, e entón...

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): nós independentemente da resolución do Pleno que non é oportunismo, porque os mais interesados do Pleno probablemente entre outros sexamos nós. Nós dudamos da legalidade da medida que se quera adoptar. A medida a adoptar é a vinculación necesaria ou non, de crédito, é un acordo resolutorio do Pleno. Polo tanto sen concretar as medidas ás que vai destinado un crédito por moi política que sea a medida, non é legal. E hai que concretala e polo tanto, ante a dubida o lóxico é platexala en Comisión coas medidas concretas. E unha vez que se sepa cara a que se define o crédito, votalo, eso é o normal. Non definir politicamente un crédito, un crédito non e vontade política. É a vinculación dun acordo pleno sobre a necesidade dun crédito ou non. Iso non é legal. Eu dubido moito de que sea legal. E polo tanto, como eu non teño un informe que o vincule someto a que na comisión pertinente se faga un informe xurídico sobre a medida, e un informe da intervención. E se din que a medida é política o traemos eiquí outra vez e o votamos.

Sr. Alcalde: Haber... o BNG quere facer unha proposta á ponente antes de...

Sr. Bouza Rey: Ben nos imos facer unha proposta haber se nos pode valer a todos. Porque xa que no fondo estamos todo o mundo de acordo... Nós dicimos de retirar o primeiro punto e no segundo estudar nas diferentes comisións todo isto que estamos a dicir eiquí. E unha vez chegado a un acordo, ou saber o que temos que facer, traelo a Pleno para unha posible modificación. Entón retiramos, ou propoñemos retirar o primeiro punto, e o segundo estudar e debater nas diferentes comisións a necesidade de contar con este crédito.

Sra Díaz Otero (que traducido di): si agora, eu como quero chegar ó acordo da vontade política, no punto número dous, o digo porque... para que o parágrafo quedase mais ou menos igual, atendendo a petición do BNG de suprimir o punto número un, haber se lle vale ó BNG. Solicitar un crédito se fora necesario, tomándose a decisión en función do plan de emprego e tal. Explicome, para non trocar todo o parágrafo e que non quede aberto ás comisións. Ben, nada...

Sr. De Deus Fonticoba: eu de todos os xeitos, se o tema se trata sobre unha vontade política nos estamos dispostos a trocar a redacción para chegar a un acordo. Do mesmo xeito, suprimindo o punto un, se no punto dous pon: que se estude nas comisións determinadas a necesidade ou non de solicitar un crédito ou non, a nós nos vale. E manifesta perfectamente a vontade política sobre este tema. Pero non vincular directamente á solicitude de crédito ou non, porque eu creo que non é unha medida concreta. Entón dado que o que se alude eiquí por parte do poñente e a vontade política, nós manifestamos a nosa vontade política de sacar a diante xeración de emprego. Pero en formas e contidos que consideremos legais. E polo tanto non temos ah... votaremos a favor para que esa vontade política sea unánime. Pero modificando... suprimindo o parágrafo un, e no dous que as comisións pertinentes estuden a

necesidade da xeración dun crédito extraordinario para a xeración de emprego. Polo tanto aí eu creo que está determinada a vontade do partido.

Sr. Alcalde: si Ignacio

Sr. Fernández Fernández (que traducido di): imos ver... imos ver. Eu vexo que estamos dando voltas ó mesmo practicamente. Eu creo que eiquí o que se entende e o que se busca e a vontade política de buscar unha solución para facer inversións en xeración de emprego. Entón si a palabra que está impedindo o acordo e a palabra solicitude, eu creo que o punto un podería quedar en: estudar a posibilidade dun crédito se fora necesario a xeración de emprego para personas en Mugardos, en vez de poner solicitud, poner estudar a posibilidade eh?... E entón o punto dous quedaría tal cual está, está está... este estudio realizarase nas comisións correspondentes en función do que todolos grupos dictaminemos. Nós neste sentido apoiariamos tamén sen ningún problema, e no outro tamén, que quede claro.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): nós non vamos so ó formalismo da cuestión. Estamos de acordo en trocar ese tema e poñelo do xeito que sea. Mentres sexa estudar a tal... estamos de acordo. Agora ben, que no punto primeiro poñamos estudar e logo que xa estemos dicindo a contía do crédito, e como dicir que xa estamos a estudar o xeito de facelo. Vale, en todo caso, estudalo, por suposto que si, e dende logo que si unha vontade política. De todolos xeitos, imos ver, se o tema se trata de oportunismo ou non. Que eu creo que non, eu creo que é unha medida que hai que loar, se se trata de sacar rendimento, e estar todos de acordo con xeración de emprego eu creo que o que hai que fomentar é a unidade do Pleno. Se eso é o que se fundamenta na vontade de xerar emprego. Se o que se quere é forzar a outros grupos a tomar posicións contrarias, se quere vulnerar a vontade do Pleno para vender outro tipo de materias. Se eu creo que a vontade é, traballar para quitar a xente do paro, nós estamos de acordo. Si o que se trata é de modificar e retorcer unha moción para sacar uso partidista dela non estamos de acordo. Agora ben, dado que hai unha vontade, e o que se trata de buscar unha vontade política, a nosa vontade é toda. Polo tanto, se nos queren excluir fagano, pero si o que se trata é de votar e sacar xente do paro conten con nós. Pero con esa modificación de estudar.

Sr. Díaz Otero (que traducido di): imos ver si... si somos capaces porque, eu creo que o ningún pode por en dubida, é a vontade da poñente de chegar a acordo. A variación nos textos e as posibles alternativas son varias... haber se son capaz. Primeiro punto: estudar a posibilidade de solicitar un crédito vinculado á necesidade de emprego, obras e iniciativas concretas para persoas de Mugardos. Eu creo que recolle o que mais ou menos entre todolos grupos se aportou. No dous: a contía do crédito se fora necesario solicitalo se decidirá en función do plan de emprego que acorde o Concello Pleno, despois do seu debate e aprobación na Comisión de Promoción Económica se segue a valer, Formación, Emprego e Turismo e na Comisión de Facenda e Patrimonio.

Sr. Alcalde: ¿o punto tres o eliminarías?

Sra. Díaz Otero(que traducido di): o punto tres queda igual, que non... Porque o punto tres abre a toda a posibilidade de que se concrete, non ten, non se discuteu en ningún momento o punto número tres.

Sr. Alcalde: a nos tamén, con esa redacción eh, vale.

Rematado o debate, sométese a votación o asunto e o Concello Pleno, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación da moción presentada polo grupo municipal de Esquerda Unida sobre a solicitude dun crédito vinculado a xeneración de emprego para persoas de Mugar dos, coas modificacións introducidas polo grupo municipal do PSOE e de EU-IU antes transcritas, e en consecuencia, adoptar os seguintes acordos:

1º.- Estudar a posibilidade de solicitar un crédito vinculado á necesidade de emprego, obras e iniciativas concretas para persoas de Mugar dos.

2º.- A contía do crédito se fora necesario solicitalo se decidirá en función do plan de emprego que acorde o concello pleno despois do seu debate e aprobación na comisión de promoción económica, formación, emprego e turismo e na comisión de facenda e patrimonio.

3º.- Este plan de emprego terá que estar vinculado en obra no patrimonio municipal, a iniciativa que promovan o desenrolo dos sectores productivos en Mugar dos, a iniciativas que propicien novos xacementos de emprego, é a iniciativas que proxecten un futuro de Mugar dos vinculado á adquisición de solares e inmobles que poidan ser básicos para planes posteriores.

4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. PARA MELLORAR A FINANCIACIÓN LOCAL MEDIANTE A RECUPERACIÓN PARA AS CORPORACIÓNS LOCAIS DO IVE XENERADO NA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL.

Sr. Alcalde: ben ten a palabra o poñente da moción.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): ben o certo e que case todos os temas que veñen e aquí son preocupacións de todos os grupos para sacar e intentar paliar a lacra do paro que nos azota a todos... as zonas de España e os concellos pequenos aínda máis. As medidas que se plantexan son respecto a financiación local mediante a recuperación para as corporacións locais do IVE xerado na contratación nas obras do Fondo Estatal de Inversión Local vinculado a un importe de 8.000 millóns de euros que tiña como destinatarios os Concellos. Polo tanto, nós o que queremos é, que ese diñeiro que repercute no IVE nos concellos na contratación das obras sirva para reinvertirse de novo na financiación dos Concellos e sobre todo vinculada ós gastos correntes que son os que están a azotar sobre todo as facendas municipais, dado que non existe aínda un acordo de financiación das entidades locais por parte do Goberno. Se incumple de ese xeito o que se manifestara no pacto local e polo tanto nós creemos que hai que medir, o goberno debe actuar para manifestar a vontade de xerar unha resposta a longo prazo, e non de parchear con medidas que dubidosamente quiten de xeito estable do paro a moitas persoas que actualmente están. Polo tanto, nos estamos

referindo en concreto de eses 8.000 millóns, aproximadamente 1.100 millóns de euros non repercutidos no IVE, e que o Estado podería xerar na contratación, podería xerar na vinculación a remanente para os Concellos para que fagan cargo ós seus gastos correntes e de personal, ou outros que se correspondan coas necesidades dos mesmos de financiación. Polo tanto, mais aló da exposición de motivos, consideramos que os acordos deben ser primeiro que o Concello de Mugardos inste ó Goberno para a creación dun fondo especial de financiación municipal para o ano 2009 dotado cos 1.100 millóns de euros do IVE recuperado das actividades xeradas polo Fondo Estatal de Inversión Local que poida ser destinado a gastos correntes polos entes locais. Segundo, instar así mesmo ó Goberno para que reparta tamén ás respectivas corporacións locais as cantidades sobrantes de recursos do Fondo Estatal de Inversión Local como consecuencias das adxudicacións de obras por importes inferiores ós inicialmente previstos nas correspondentes licitacións. E terceiro, dar traslado de estes acordos ó Presidente do Goberno e ós Vicepresidentes Segundo e Terceiro do Goberno. Esa é a vontade de acordo para o Pleno.

Sr. Alcalde: abrese un turno de palabras... ben ten a palabra pedida Ignacio, Pilar... Ben por orde de petición, Ignacio tes a palabra.

Sr. Fernández Fernández (que traducido di): o Goberno socialista que preside D. José Luis Rodríguez Zapatero creou un plan e dotouno con 8.000 millóns de euros. Non para financiar a administración local, senón para obter dúas importantes melloras nun só impulso. Por un lado dotar os concellos de diñeiro para realizar obras que de outro xeito non terían a capacidade económica para facer, en servizos e melloras na calidade de vida nos concellos, e polo tanto dos seus veciños e veciñas. E por outro lado, xerar coa realización de estas obras, emprego e sostemento do existente ó xerar actividade nun sector empresarial que nese momento non tiña. Este era o fin para o que foi creado o Fondo Estatal de Inversión Local, ese e non o de dotar de financiación os Concellos. Se está a misturar a precaria situación económica dos Concellos cun exitoso plan de inversión local, que non de financiación, si señor, exitoso. Que trouxo importantes melloras a todos os concellos de este país. E que para non facer evidente o acertado do mesmo se pretende difuminar dicindo que non serveu para facer algo que en realidade non é para o que foi concebido. Incluso se mesturan as Diputacións Provinciais, cando os fondos de este plan se entregaron integramente ós Concellos para ledicia dos mesmos. Para que fosen estes os que decidisen os fins para os que destinalos, e vostedes mesmo, coas súas participacións e as súas propostas, colaboraron cos demais grupos políticos deste concello á determinación da súa utilización. En ningún momento durante as súas aportacións nos debates para dictaminar a utilización de case un millón de euros que nos correspondeu, ni no dos presupostos se queixaron de que ese diñeiro non se utilizase na financiación local.. Entre outras cousas porque vostedes sabían perfectamente que non era este o seu fin. Por iso sorprende que despois da súa aprobación para empregar nas obras consensuadas con todos, queixense agora de que non servesen para a financiación das entidades locais como di na súa exposición de motivos. O Goberno socialista está a cumprir os compromisos adquiridos cos Concellos a través da Comisión Política Bilateral de financiación local, creada o pasado ano, e formada polos representantes de todos os partidos inclusive o Partido Popular. A dita comisión mantivo varias reunións nas que está a encargarse de negociar o novo modelo de financiación local, que derivará nunha nova lei

de facendas locais. A moción presentada polo grupo popular está desfasada nos seus contidos, xa que en setembro de 2008 os membros do Consello Territorial da Federación de Municipios e Provincias, que está integrada polos presidentes de todas as federacións territoriais de municipios e provincias, consellos e cabildos insulares, xa adoptaron unha resolución en relación á negociación sobre a reforma do modelo de financiación local, entre as que se atopa, acadar un acordo de Estado para a aprobación dunha nova lei de facendas locais e un novo estatuto de goberno local. Non se preocupen polo tanto, que o Goberno a través de quen coordina toda a actividade municipal xa está na solución para axudar á financiación local. De todos os xeitos, indo máis aló da cantidade que vostedes piden nesta moción, o Presidente do noso Goberno José Luis Rodríguez Zapatero xa anunciou para o 2010 un novo fondo de inversión local. A repartir de novo entre todos os concellos, para a inversión en obras medioambientais e tecnolóxicas así como para o desenvolvemento da Lei de Dependencia, por un importe de 5.000 millóns de euros. Xestionado de novo polos Concellos, e donde con seguridade vostedes participarán na decisión do destino final da cantidade que a este concello corresponda, con sus importantes e moi estimables aportacións. Para sin embargo, despois nunha nova moción ó mellor criticar lexítimo, moi certo, pero tamén sorprendente.

Sr Alcalde: Gracias Ignacio. Pilar

Sra. Díaz Otero (que traducido di): ben, pois nós nesta moción de contido apolítico, a outra era político, esta e de contido apolítico eh... vamos... non vamos a entrar na exposición de motivos, porque entón sería moi complexo. Moi complexo poder chegar a un acordo pero como nós, o igual que todos os grupos queremos saber si é posible chegar a un acordo que creo que é positivo para o conxunto de Mugaros e polo tanto celebramos a iniciativa do Partido Popular. No primeiro nós temos unha pequena diferenza co Partido Popular e é que, que poida ser destinado a a gasto corrente das entidades locais, nós non estamos de acordo. Creemos que debería poñer que poida ser destinado a inversión, unha cousa é a financiación dos gastos correntes que se queremos se lle pode engadir algún punto á moción, e outra cousa é a inversión para paliar o paro, que para o que foi creado ese fondo estatal. Polo tanto que todo o que volva dese fondo estatal sea en inversión, e polo tanto que poidamos seguir xerando emprego. No segundo, en instar así mesmo ó Goberno para que reparta tamén as respectivas corporacións locais as cantidades sobrantes de recursos. Eu sei que Zapatero ten moi boa vontade, non sei si con Galicia tanta como antes. E a min preocupame que se deixe a vontade de Zapatero que poida repartir ó seu criterio os sobrantes. Eu casi prefiro que a moción poña, que a cada concello devolva as súas baixas, que polo menos sabemos o que nos toca, a que teña que ser a vontade de Zapatero. Que eu non discuto, pero como non son do PSOE, pois non teño porque creela. Entón eu preferiría que fora que a cada concello lle destinase as súas baixas tamén para inversión non para gasto corrente, para seguir xerando emprego tamén. E a min, xa sei que son dous ámbitos diferentes, o autonómico e o estatal, pero como somos a corporación local, a min parece que falta un punto cando menos, e é demandar da Xunta de Galicia a implantación dun fondo de inversión para o ano 2010 que fomente a inversión nos concellos e a xeración de emprego. Eu creo que é positivo tamén que despois de que a Xunta vaia pechando os buratos que lle deixou o PSOE e o BNG, que eu creo que xa o está a facer con eses plans de austeridade, adique un fondo importante de diñeiro para xerar emprego ó traves da inversión nas corporacións locais Galicia. Polo tanto,

nós queríamos que sabendo que son dous ámbitos competenciales diferentes, que tamén poidera surxir, con... eu creo que parece claro, non sei se o anunciou porque eran as europeas e tiña pensado que o PP ia gañar as eleccións, Zapatero xa anunciou o seu novo fondo de inversión, polo tanto, eu creo que nese sentido a cousa parece clara. E outra parte sería, que é a dos gastos correntes, que e a financiación como as reivindicacións históricas de chegar ó 25% de participación nos ingresos do Estado que agora estamos no 13%. Ou á compensación ou asunción doutras administracións dos servizos que prestan os concellos. Eu creo que sería en outra, por non facer un batiburrillo de todo, probablemente teremos que chegar a un acordo, a FEM chegou, a FEGAM tamén nese sentido. Onte se puido ver na prensa, e facer outra con respecto á financiación e non metela nesta, e eu deixaría nesta na xeración de emprego e a inversión.

Sr. Alcalde: Gracias Pilar.

Sr Bouza Rey: Esto vai ben hoxe eh?... Nos traemos tamén unhas emendas para poder engadir á moción que trae o PP, e que nalgunha medida unha delas coincidimos con Esquerda Unida. Entón nos acordos da moción do PP, onde dicía Esquerda Unida, que poida ser destinado a gastos correntes, quitaríamollo claro. Pode ser, podía quedar que poida ser destinado ós entes locais, e cada ente local... porque efectivamente hai concellos que as están a pasar moito máis canutas que o noso e que teñen problemas inclusive de pago de salarios. Pero aí lle engadiríamos unha emenda dunha reivindicación da FEGAMP, que estamos en minoría alí, que a maioría son do PP mais do PSOE, para que sexa todo o IVE o que se xera que reverta de novo nos concellos, pero non só o do plan estatal, senón os dos plans das diferentes administracións, ata chegar ó Concello. E despois o segundo punto, sería instar a Xunta de Galicia a complementar o fondo estatal de investimento local para o emprego, e crear un fondo propio con idénticas características financiando proxectos municipais que creen novos postos de traballo e afiancen os existentes. E o terceiro o deixaríamos igual, engadíndolle que a parte dos presidentes do Goberno de España, pois trasladarlle tamén ó presidente, vicepresidente e vicepresidente terceiro da Xunta de Galicia. Así votaríamos a favor de... ben ou o superdelegado ou como é eso?. Entón a nós nos valería perfectamente, estaríamos dispostos a votala a favor.

Sr. Alcalde: Fariña

Sr Fariña Doval (que traducido di): Si, ben, imos ver, como por onde comezo. É que claro, tes unha intervención prevista en función dos datos que hai, e o que surxe eiquí e tremendo, é dicir, matizacións, cambios... non sei que, non sei canto. Polo cal, un certamente se desenfoca do tema. Eu dixen ao principio da primeira intervención, do punto dous deste Pleno que falei, que ia a falar da exposición de motivos. Non é o obxectivo fundamentalmente da discusión, pero hoxe si. Primeiro porque na miña opinión a carga política desta moción é excesiva. E non está de acordo, polo menos eu entendo que non está de acordo coa nosa realidade. Non é así, non é o que fixo ata o de agora neste concello. Polo tanto demandado no seu día, non agora, no seu día, foi o PP que non tivera tanta carga política. Esta si a é. E eu non entendo nada porque claro non sei se está fora de tempo ou non porque é certo, alguén dixo que onte foran as eleccións. Por certo, a miña mais cordial enhoraboa. E o meu mais

sentido pesame ó PP e ó BNG. Eh... PSOE e BNG. Dito isto, eu creo que é certo que a situación económica de moitos concellos é preocupante. E é verdade na miña opinión, que pode conlevar situacións de difícil solución. Pero eu creo que é bon, a raíz da introducción desta moción, deixar algunhas cuestións claras. Ou polo menos eu, dicir o que eu creo que é claro. Eu saludei con entusiasmo o importe de investimento do Fondo Estatal, é mais, sen selo creo que fun o que mais, con mais entusiasmo defendeu o tema aquí. Os 8.000 millóns de pesetas ou de euros. Os datos do paro son moi preocupantes, por iso o importante investimento no fondo foi, viña motivada por esa razón. Eu creo que o investimento comeza a ter certa repercusión, certa, e ahí están os derradeiros datos do paro, e eu creo que hai que resaltalo, e resaltalo con satisfacción, e non de outro xeito, porque si o resaltamos con satisfacción estamos dicíndolle ó goberno de turno, non ó de Zapatero, ó goberno, que é bon a camiño que emprendeu. Outra cuestión que eu quería deixar claro, eu creo que e bon dicir, e ahí na exposición de motivos non se di con claridade, alo menos eu non o entendo así, que o fondo era voluntario, é mais, parece ser que houbo algún concello que non quixo facelo. Polo tanto non se pretendía aliviar a situación... se pretendía aliviar a situación do paro, non a da financiación municipal que outra cousa moi distinta. E que é certo que é preocupante, como ben dixen ó comezo. Outra cuestión que quero deixar claro, é o do das Deputacións. Na miña opinión eu creo que é o colmo dos colmos, é dicir, cando somos goberno ou temos goberno as Deputacións. Eu fun dos incredulos, porque... ou credulos mellor dito, porque creín que cando o Estatuto de Autonomía o papel fundamental das Deputacións ia a decaer. E neso estamos de acordo todo o mundo, e polo tanto se van a converterse en simples xestores ou asesores das políticas municipais. Pois non, seguimos a levarnos a man á orella porque as Deputacións non tivesen cartos. Se a entidade é para o mais directo ou o outro, eu creo que non ten razón de ser ningunha. Isto é os matices ó tema. Pero agora entramos no fondo da cuestión que son os acordos. Son tres puntos, e practicamente claro se non falara da introducción, teño que dicir que practicamente estou de acordo cos tres puntos. Primeiro coa filosofía do tema, que hai que sinalar algunhas cousas. A min non me gusta, non me gusta, que os cartos que sobran que son do IVE que por certo, aclaremolo eh? Pero o IVE non vai para os presupostos xerais e polo tanto engrosan os presupostos xerais, e os presupostos xerais si crecen ou menguan menos, non é o que despois repercute nos Concellos? É que ó final non o sei ben. Unha eso, dous, hai un simil que foi a financiación do fútbol, parece que o fixeron todolos gobernos que pasaron polo Estado, todos o fixeron. E se primou sempre ó que mais despilfarraba, ese foi o que se levou... sempre se falaba que había un clube, creo que era o Osasuna de Pamplona, que non debía nada e non recibiu nin unha peseta. Entón cuidado en como plantexamos as cousas. Polo tanto, dito isto, quero dicir estou de acordo con todo, os tres puntos. Eu creo que non podemos primar sen mais ó que despilfarrou ou polo menos non xestionou ben o tema, e polo tanto eu penso que economicamente sería moito mellor que eso tivese un plan moito mais específico, e neso estou de acordo, como supoño que todo o mundo que hai que centralo, non polo feito de ser oposición ou ser goberno, senón xa dunha vez por todas. Ademais isto con moita claridade, e que na miña opinión, na opinión de todos ainda que se di cando se di, e non sempre, o ano 2010 vai a ser peor economicamente para os concellos. É que a baixada de tributos presupón ós presupostos do estado unha caída do 20% do que se está falando, por certo non reflexada neste concello ainda. E a liquidez do 2008 parece que é negativa, co cal, non só pode levar a baixada, senón que teñamos que devolver cartos nalgún casos os concellos. E ata mermará o Fondo de Cooperación Local. Iso o din os

presidentes das deputacións da Coruña e de Pontevedra. En definitiva que unha cousa é a exposición de motivos cunha carga política fora de lugar na miña opinión. Poucas veces, poucas veces nos 30 anos que levo no Concello de Mugar dos poucas veces se veu unha moción que tivese na súa parte expositiva unha carga política tan forte, poucas veces, e o digo con franqueza e claridade porque do bando ou do banco do que fai a exposición de motivos era do que se reclamaba que fora outro tipo de cousas. E a min sorprendenme ese tipo de cousas. E en canto ós acordos, si totalmente de acordo co tema. Eu creo que hai que defender con mais énfasis sempre que a lei de financiación veña canto antes pero non vinculala ó IVE que repercute nas obras que foron para o emprego. E que senón, eu preguntome, retrotraendome ó punto anterior, e legal ou non é legal iso? Porque claro, alguén me ten que dicir se é legal ou non é legal. É un fin distinto ó que se creou. Centremos no tema, e que os 1.100 millóns de euros que veñen, que viñeron cunha finalidade e por razón obvia se aforraron que é o IVE, volvan a repercutir, eu non sei se van a repercutir ou non. Se vai estar nos 5000 millóns que din que se van a facer, non o sei. Pero en todo caso apoiemos que eso si veña para aquí. Se non está que en vez de 5.000 millóns que sexan 6.100 millóns, ese é o tema, porque é dramática a situación. E en que alivia ós concellos, en que alivia se as obras que escollemos están de acorde coas necesidades que ten o noso concello, e teriamos que facelas e non podemos facelas estamos aliviando, como non imos a estar aliviando. Se arranxamos as estradas nosas durante 4 ou 5 anos non temos que destinar outra vez cartos para elas. Digo eu, e eso é o que realmente hai que facer. Eu creo que hai que ser mais desprendido no tema político, moito mais desprendido cara ó contrario e non se é, non se é en termos globais e obviamente eiquí non se é. Xa pasou nas eleccións, centremos o tema en Mugar dos fundamentalmente e deixémonos de estas outras cousas para outros parlamentos e non o noso.

Sr. Alcalde: Ben eu... antes de conceder un segundo turno de palabras, se e que o piden, quixera dicir que bueno, a verdade é preocupante o sistema financeiro das entidades locais, porque levamos falando do mesmo practicamente toda a mañá. Primeiro na comisión e agora eiquí. Entón e... nos entendemos que efectivamente o fondo estatal que o goberno de Zapatero aprobou cos 8000 millóns de euros, pois entendemos que verdaderamente repercutiu un pouco para aliviar os problemas que temos de financiación no concello porque puidemos facer fronte a obras que non sería posible facer senón houbera esa fórmula. Pero coincidindo non na exposición de motivos senón no que reivindica o PP, coincidindo nunha parte, nunha parte de ela, consideramos que por parte do PP, debería de asumir polo menos unha proposta que ten a FEGAM que foi aprobada por unanimidade onde está o PP, o PSOE o BNG. E foi aprobada por unanimidade, xa digo, que era de reclamar todo o IVE que se xera na comunidade, no noso concello o que xera o concello de Mugar dos, e que non sexa só o do Fondo Estatal. Pode que sexa o Fondo Estatal. E en todo caso xa digo, como é unha reivindicación da FEGAM onde están todos os partidos políticos, penso que o PP non debería ter ningún inconveniente en aceptar esa proposta. E logo tamén evidentemente xa que a Xunta está aí para algo pois instar á Xunta para que complementese ese Fondo Estatal tamen non?. E co... co mesmo fin que ten o Fondo Estatal. Creo que son cousas que asumimos todos, e sendo así, nós votaríamos a favor da moción.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Ben, pois vamos a tentar organizar todas as cuestións que se están a dicir. Imos a ver. Independentemente de que a exposición de motivos sea a primeira según Fariña a que ten unha carga tan intensa durante todos estes que estivo eiquí, tamén e verdade que a intensidade do paro dende que vostede está eiquí nunca foi de tal magnitude. Nunca... nunca... nunca. Nunca houbo en España tanto número de parados como hoxe en día. Eso é un dato obxectivo, non o invento eu. Pero bueno. Independentemente de ese tema, independentemente tamén de crer nos reis magos ou non, loxicamente eu creo que hai que fuxir de dogmas respecto á palabra de Zapatero, no Zapatero, o apuntaban dende Esquerda Unida, eu penso que hai que fuxir de promesas de cumprimentos etc. Eu creo que xustificar que o Goberno fará, ou que o Goberno vai a facer non é unha boa política para ningún e menos para un concello. É dicir ós feitos hai que remitirse e o mesmo que o Partido Socialista defende que no 2010 se vai a facer un novo fondo, eu ata que o vexa non o vou a crer. Como tampouco me creo que no 2012 teñamos AVE. Por moito que Magdalena Álvarez dixera que ia a haber AVE ou Zapatero dixera que ia a haber AVE. Defender a un goberno, e vostede non poder viaxar en AVE na súa comunidade, ten que elixir entre si Zapatero debe de seguir ahí, ou se vostede pode ser igual que outros en Sevilla o igual que vostede outros en Madrid. O caso é que mentres vostede defende a Zapatero vostede vai en autobús. En mentres os demais defenden a outras persoas, viaxan en AVE. Hai dogmas dos que hai que fuxir, igualmente que Mariano Rajoy equivocárase en moitas cuestións, pois por donde se equivoque eu non o penso defender. Hai cousas que non son xustificables dende ningún punto de vista, e menos facer partidismo dos erros que comenten os demais. Entón eu negome a admitir como meus os erros doutros. Polo tanto partindo de que a min me corresponde pedir para os fondos, como concelleiro, fondos para o meu Concello, esté Zapatero ou esté Mariano Rajoy, eu quero feitos concretos, e non os hai, non hai feitos concretos, polo tanto... E é difícil falar cando hai catro millóns de parados falar de plans exitosos, o mellor plan de éxito é que non haxa parados. Ese é o mellor plan. Entón non se pode presumir de plans, cando hai tanta xente na rúa. Ese é o primeiro termo, eu non quero presumir nin facer demagogia sobre este tema pero tampouco me gusta presumir cando hai catro, en moitas hay miles de familias que teñen a todos os seus membros en paro, presumir de que o goberno está a facer o idoneo. O idoneo é que esas familias teñan medios para saír a diante. Pero ben, sen meternos nesas cuestións de dogmas dos partidos políticos que ás veces enredan as cuestións. Sobre a legalidade dos 8000 millóns de euros que da o Estado, Fariña, loxicamente e legal porque o goberno cos seus fondos propios estima que son inversións que hai que facer. Igual que o pode facer sobre un remanente de IVE que supera os 1100 millóns de euros, claro que é legal. Porque é un remanente que non está vinculado a outras partidas e polo tanto pode repercutir de novo en inversións nos concellos. Polo tanto quedese tranquilo, porque a legalidade e legal. De todos os xeitos, eu penso que hai que escapar un pouco de certas cuestións, e hai que cuestionar dicía certos dogmas, porque o que hoxe ven eiquí, detrás de ese fondo, de ese trasfondo tan grande que fire tantas sensibilidades, o que ven a dicir, o que queremos dicir é, si o goberno central destinou 8.000 millóns de euros que nos independentemente de que o vexamos como unha medida transitoria a temos que aplaudir porque nos tamén queremos cartos tamén nas corporacións. Como non vamos a querer cartos. E se veñen outros 8000 pois mellor. Porque temos que facer gastos, que paliar gastos que os concellos non poden facer por si mesmos. Pois claro que o vamos... pois como non vamos a estar orgullosos de que veñan cartos para os concellos, pois claro sexan de Zapatero ou de outro. O caso é que eiquí os

concellos teñan cartos para poder facer obras, para poder progresar. Polo tanto, imos ver, eu a vontade igualmente que o dixen antes hai temas sobre os que hai que buscar o consenso, e sobre a xeración de emprego e sobre todas estas cuestións todavía mais. Polo tanto eu claro que estou disposto, nós claro que estamos dispostos a chegar a un acordo neste tema porque o consideramos trascendente. De que se sumen todos os partidos políticos que poidan, porque non ten sentido facelo de outro xeito. Non ten sentido que dende eiquí abanderemos ningunha causa porque non é unha causa que faga o PP., eu creo que unha causa de todos os que estamos eiquí, defender a xeración de emprego. Polo tanto, por suposto que aínda que a iniciativa a manifestáramos nós, o que queremos loxicamente é que todos os acordos que se dixeron, tentar incorporalas. Entón si me olvida dalgunha, porque foron tantas probablemente... O primeiro punto parece ser que había unha controversia de salvo que o destinado ós cartos dos fondos. Nós dixeramos que se palien os gastos correntes, que sacar ese tema pois o quitamos sen problema ningún. É dicir, ben, pero imos por partes Pilar... dixemos que o gasto corrente parece ser que non é unha preocupación prioritaria. Eu considero que sí, porque os ingresos do Estado, sabemolo todos, e estamos condenando que son moitos as solucións que non nos van a dar, e polo tanto os cartos teñen que saír de algún lado. Pero bueno, independetemente de eso, estamos de acordo en que se retire eso do gasto corrente e que se destine ós entes locais na medida na que podemos discutir despois. Esquerda Unida, manifestaba que de eses cartos vaian para sobre todo as baixas que se manifestaban en cada unha das obras do concello revertan tamén sobre os propios concellos. Cousa que tamén incorporamos ó punto que se nos plantexara. Respecto a que a Xunta adique un fondo propio para xerar emprego aos proxectos municipais, eu dende eiquí estou disposto a admitilo. Agora eu creo que dende o PP e dende a Xunta de Galicia, creeuse e xustificouse que o Fondo Estatal non era unha solución a longo prazo. E sobre esa cuestión eu creo que todo o mundo está de acordo, é unha solución a corto prazo dado que as obras que eiquí estamos a aprobar apenas duran 5 meses a que mais dura. Polo tanto non e solución a longo prazo para paliar uns trocos estruturais, pero de todos os xeitos tamén o admitimos. Que a Xunta cree un fondo que considere axeitado para paliar o emprego, como non adiante, que a Xunta se molle e que a Xunta impulse tamén, tamén, pois veña ó carro a Xunta de Galicia. Tamén fuximos de dogmas, e nós tamén queremos fuxir dos dogmas cando se trata de emprego. Que a Xunta se implique, pois que se implique. Que a FEGAMP di o BNG que repercute o IVE de todos os proxectos no tema municipal, que reverta tamén, que todos os cartos que nos veña, que veña tamén para os concellos. Imos a ver, claro que si o que...

Sr Alcalde: Ben o texto sería asumir a reivindicación da FEGAMP, que é unha reivindicación que está aprobada por unanimidade, para que sexa todo o IVE, o que se xera, o que reverta de novo nos concellos e non só o que corresponde neste caso a iniciativa do goberno do estado, do fondo.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): ben, dado que é unha aposta pola unanimidade da FEGAMP, eu entendo o acordo político, entendo que e inviable, pero eso é outra cuestión, é outra cuestión que eu non me vou a negar porque non me, non nos corresponde dende eiquí. Agora ben, si se quere manifestar, nós tamén o incluímos porque é vontade do BNG, agora ben, é unha competencia que non nos compete dende eiquí. Pero ben, instamos de novo a que se tomen os acordos da FEGAMP. E... eu non sei se me queda algo

mais, eu creo que aceptamos todo o que se podía aceptar. Se me queda algún punto, podedesmo dicir, e miramos o xeito de que sexa compatible cos anteriores.

Incidencia: Faise constar que durante a intervención do Sr. De Deus Fonticoba ausentouse ás 13:30 a Concelleira Ángeles Díaz Prados reincorporándose ás 13:32. E o Concelleiro Xosé Antón Bouza Rey ás 13:32 reincorporándose ás 13:34 horas.

Sr. Alcalde: Ignacio, haber...

Sr Fernández Fernández (que traducido di): Querido compañeiro Fariña, o pesame so se da cando se produce un falecemento. E non é o caso do PSOE, que está mais vivo que nunca. A pesar dos resultados... De todos os xeitos, agradececho moito a túa intervención sobre a tremenda carga política da moción porque nós compartimolo por completo. Porque unha cousa son as exposicións de motivos, e outra cousa son os acordos., non? Entón vemos como por un lado, fai uns intres o grupo popular vía a ilegalidade para un acordo da posible petición dun credito se fose necesario e dictaminado polas comisións, e agora non a ve para unha decisión tajante de ditaminar si se pode coller o IVE dun plan que non se destinara ó financiamento local, e destinalo á mesma, e tal, ahí non ve a ilegalidade e non precisa de ningún estudo. De todos os xeitos nós o apoiamos, e mais, nós estamos dispostos a apoiar os acordos, os acordos que ao fin e ao cabo é o que queda, e non a exposición política que evidentemente non a vemos por ningures nos termos que o expresou o grupo de goberno do BNG. O que si que é certo, si que é certo, é que o Partido Popular agarrouse como un filón ós catro millóns de parados o vimos unha e outra vez no debate do estado da nación e noutros sitios, xa chega eiquí incluso este debate á sala de Plenos do Concello de Mugarbos. Incluso anunciaron con clarines e timbales os cinco millóns de desempregados, facendo caso omiso que non o escoitamos en ningún intre, nos indicadores do mes de maio, que xa deron un descenso nas cifras do paro, e que evidentemente foi froito de que o plan comeza a funcionar. Cando falabamos de plans exitoso, dicíamos para os concellos, non escoltou ben o portavoz do Partido Popular, para os concellos, plan exitoso para os concellos porque poideron realizar obras que de outro xeito non podían, non podían realizar. Os 3.620.000 desempregados, é unha barbaridade de cifra, que non os catro ou cinco millóns que deu Juan Domingo, é unha barbaridade de cifra que remove as conciencias e pon os pelos de punta. Pero non se acostaron un día con traballo, e se levantaron ó día seguinte sin él. Foi o longo proceso de involución xerado por unha crise mundial, o que lentamente foi aumentando esta lamentable cifra. Pero as medidas tomadas para revertir o proceso tamén irán día a día creando emprego, tampouco agora se acostaran sen emprego, e se levantarán con él. Pero as miragues económicas non existen, existe o traballo, a confianza e a determinación de que saldremos xuntos. O paro baixou no mes de maio 24.741 desempregados, descende por primeira vez en trece meses. E baixa en 14 comunidades autónomas, curiosamente as únicas comunidades autónomas nas que segue a aumentar o paro son Madrid, Canarias e Valencia, ningunha presidida polo Partido Socialista. En Madrid está a señora Aguirre, en Valencia está o señor Camps, por algo será. De todos os xeitos, na medida en que apuntou o Bloque o grupo popu... e... o grupo de municipal do Bloque apoiaremos a moción.

Incidencia: Faise constar que durante a intervención do Concelleiro D. Ignacio Fernández Fernández ausentouse ás 13:34 a Concelleira Dna. M^a África Pérez Filgueiras reincorporándose ás 13:37 horas.

Sr. Alcalde: Ben

Sr Fariña Doval (que traducido di): Haber, eu fago unhas aclaracións, porque senón non me quedo tranquilo. A primeira, o IVE, ten a súa repercusión nos orzamentos seguintes, nas contas do Estado eh? Porque non... haber si imos pensar que o IVE se queda por ahí. Ben... Eu, para min sempre foi preocupante a financiación dos concellos, pero sempre, nos 30 anos que levo eiquí, que son os 30 anos de democracia. Pero creo que é bon dicir que todos os partidos, todos os partidos que están hoxe eiquí, participaron directa ou indirectamente participaron no goberno de España. Todos, uns directa e outros indirectamente, e ningún solventou o tema da financiación. Ningún... Nalgún caso sinxelamente a paliaron, pero todos. Eu cando dixen do número de parados que Juan Domingo me recriminou, Juan Domingo es xove, e por iso te comprendo. Claro, en número de parados non se chegou a iso, pero porcentualmente tivemos mais, mais, e que sucedeu, os pactos da Moncloa foron fundamentalmente aquela cousa. Entendes, que non é así. A min cada un que tire para onde quera, parece-me moi ben. E eu, outra cousa mais, quero recordar, eiquí unha anécdota que me pasou, porque eu falo... non falo do goberno de Zapatero, nin goberno de non sei quen, nin de Mariano nin de ninguén. Eu falo de goberno. Zapatero non é meu, é o meu goberno, de acordo, ou é o meu presidente en función de quen esté no goberno, non Zapatero. Quero recordar un tema, xustamente por un problema de paro importante en Mugardos fai anos, eu quería entrevistarme cos que realmente tiñan o poder no goberno de España e no goberno da Xunta. E non quixen reunirme, negueime a reunirme co presidente do Partido Popular, Fraga Iribarne, non quixen, porque eu antepoñía o que realmente é, o que representa, é o outro é un problema dos seus afiliados e nada mais. Polo tanto nin Zapatero nin Mariano, eu si Zapatero presidente do goberno, en tanto presidente, ou Feijoo como presidente non outro mais. Son os meus presidentes, me guste ou non. Outra faceta mais que descubrin Domingo, é esa faceta túa de experto en leis, polo cal me satisface, estas a facer unha carreira importante, espero que teña o seu premio dentro de dous anos. E o digo non con preocupación, senón que o digo como satisfacción. Canto mellor esté preparado o futuro alcalde de Mugardos, ou alcaldesa moito mellor. O tema, por último, o tema da pretensión, os 8.000 millóns, volvemos a enxuizar o mesmo e é que son dúas cousas diferenciadas, pero moi diferenciadas. Un mellor ou peor, mais atinado ou menos atinado pero ia, tiña un cauce perfectamente definido. E iso foi o que eu alabei, o outro e preocupante e moito, porque levamos 30 anos sen ter unha solución ó tema. Polo tanto mesturar unha cousa coa outra eu creo que non é bon, non é bon, porque o tema, os 1.100 millóns hipoteticamente para o tema, aínda que xa recolles ti o tema. Non é bon porque non diluye, non solventa o problema, diluye momentaneamente o problema dos gastos correntes dos concellos. Os concellos deben de ter uns gastos correntes acordados coas necesidades e polo tanto teñen que ter unha financiación acorde con eses gastos, non cos 1.100 millóns de pesetas, de acordo... ou de euros. Estou en pesetas eu aínda. Polo tanto eu estou de acordo co tema sempre e cando fundamentalmente os tres me vale igual, xa o dixen ao primeiro, que non tiña problema ningún na moción, si na exposición de motivos, e xa ves, que na exposición de motivos estamos vendo tema, a onde nos está a levar. Un dí, canta as

loubanzas do seu guerreiro, e o outro do seu espadachin... iso a donde nos leva, polo tanto eu creo que eso non é o fu... e a función de eiquí. A función do Pleno do Concello de Mugar dos, e a de buscar os recursos axeitados para alivialos, porque a situación o demanda e Juan Domingo sabeo perfectamente, quizas mellor que eu, que o demanda e moito. Pero demanda tamén un plan de financiamento correcto. E estou de acordo con él, mañá aparece unha moción do PP ou de que fose, demandando xa esa solución obviamente contara co meu apoio de forma clara.

Sr Alcalde: Ben... gracias Fariña. Pilar

Sra. Díaz Otero (que traducido di): si haber, porque, eu vou a ser rápida, so un repaso ó Gurtell, ó Falcon e xa case estamos listos xa. Haber, eu unha cousa, haber, e... en canto ó punto número un, para centrarnos, eu creo que o dixen na primeira intervención, unha cousa e o financiamento local, e outra o fondo de inversión. Eu non creo que é positivo que se misture, e polo tanto, e dicir, o mesmo que nos sinalamos o tema do 25% dos ingresos, ou o BNG sinalou o tema do IVE, ou a compensación aos concellos que asumen competencias que non son súas, e que dan polo tanto esos servizos. Eu creo que non debería de entrar eiquí, porque entón necesitamos unha moción sobre financiamento local. A min valeme o acordo, no sentido de que recolles as baixas, e que a Xunta impulse un fondo de características similares ás do fondo estatal para que se poida tal... O que si me preocupa, porque creo que si debería de ir acotado, en todo caso eu a votarei igual, aínda que non vaia acotado, que o destino dos cartos sexa investimento e que non poida ser empregado en gastos correntes, dado que outra cousa diferente de financiación, ou que queda aberto e poida ser invertido para a festa das torrijas. Quero dicir, eu creo que ese non o obxectivo, porque son uns cartos que imos a detraer ó estado, e que debería de ser invertido. En todo caso, se non se acota, nós o votaremos igual. E o que si plantexaría, e que en todo caso na próxima Xunta de Voceiros antes do Pleno, ou na seguinte tentemos de acadar un acordo para unha moción sobre financiación municipal, estrictamente recollendo os acordos da FEGAMP, da FEM, e das aportacións que se poidan facer, e que veña diferenciado de isto, para non estar a incorporar cousas de financiación. Non sei se lle vale ó voceiro do PP.

Sr. Alcalde: Ben Juan Domingo.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): claro que me vale, como non me vai valer, claro que me vale. Non so nos vale, senón que xa incorporamos todas esas cuestións e no punto un, creo que puxeramos destinado a inversións nas entidades locais, polo tanto claro que nos vale. De todos os xeitos, para finalizar, sinxelamente aclararlle o Sr. Fariña e... este Voceiro ten limitacións como calquera outro de eiquí. Pero cando non sabe algo o pregunta, con alguén que sepa mais que eu. Polo tanto cando falo, non é porque sepa mais que os demais, é porque me preocupo e me informo con alguén que si sabe as cousas. Respecto ós temas das legalidades, a vantaxe de estar nun partido como o noso hai gabinetes xurídicos bastante interesantes. E... pero lle agradezo de todos os xeitos o detalle. Imos a ver, e eu non quero meterme en mais política da municipal. O que si é que o Partido Socialista ten que... o voceiro ten que revisar os argumentos, porque o mesmo que lle valen para dicir que a crise é mundial, parece ser que en Valencia e en Madrid é local. Haber, ou e mundial ou é local? Pero

non pode ser mundial para Zapatero, e local cando governa o PP. Si é mundial é mundial, a pesar de que sexamos o primeiro país da Unión Europea en paro, pero ben... si é mundial, se e mundial... se a crise e mundial é mundial e é do mundo. E Madrid tamén pertence o mundo e... non non... eu non reconozo nada. Eu digo que non vale coller un argumento e darlle a volta para cando un quere. Se a crise e mundial non vale que Aguirre e Camps teñan a culpa. Pois é... será... e... ben pois non quero tachar mais o tema e agradecer as incorporacións de todos os grupos. Eu creo que en temas como estes, son fundamentais buscar a unanimidade na medida que un poida, e polo tanto non queremos quitar rendemento, mais do que vaia a paliar o paro en España. Polo tanto vendoo dende esa perspectiva agradecemos o esforzo de todos os grupos por tentar sacar a mocion a diante. Porque é para interese xeral e non particular.

Sr. Alcalde: Ben imos a ver... en todo caso cada grupo sabe as aportacións que fixo, o PP as asume. Polo tanto despois lla pasades e como as aportacións que fixo cada grupo quen o sabe perfectamente son os grupos, pois sometemos a votación a moción. Xa digo coas aportacións de cada grupo.

Rematado o debate, sométese a votación o asunto, e o Concello Pleno acorda por unanimidade prestar a súa aprobación a moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular sobre a mellora da financiación local mediante a recuperación para as Corporacións Locais do IVE xenerado na contratación das obras do Fondo Estatal de Inversión Local, coas modificacións aportadas polos grupos de EU-IU, e do BNG e, en consecuencia, adoptar os seguintes acordos:

1º.- O Concello de Mugardos insta ó Goberno para a creación dun Fondo Especial de financiación municipal para o ano 2009, dotado cos 1.100 millóns de euros do IVA recuperado das actividades xeradas polo Fondo Estatal de Inversión Local, que pode ser destinado a inversión dos Entes Locais.

2º.- Instar así mesmo ó Goberno para que reparta tamén ás respectivas Corporacións Locais as cantidades sobrantas de recursos do Fondo Estatal de Inversión Local, como consecuencia das adxudicacións de obras por importes inferiores os inicialmente previstos nas correspondentes licitacións, e que estes cartos revertan sobre o propio concello que os xenera, e se destinen tanto a inversión como á xeración de emprego.

3º.- Asumir a reivindicación da FEGAMP para que sexa todo o IVE que se xera, o que reverta de novo nos concellos, e non só, o do fondo estatal.

4º.- Demandar da Xunta de Galicia a implantación dun fondo de inversión para o ano 2010 que fomente a inversión nos concellos e a xeración de emprego

5º.- Dar traslado destes acordos ó Presidente do Goberno, e os Vicepresidentes Segundo e Terceiro do Goberno.

Sr. Alcalde: Ben aínda quedan dúas. Así que pido brevedade e? pido brevedade ós que interveñan porque senón...

5.- MOCIÓN DO PORTAVOZ DO B.N.G. SOBRE A DEFENSA DA NOSA LINGUA.

Sr. Alcalde: Ben, ten a palabra o poñente

Sr. Bouza Rey: eu creo que remato antes dando lectura a moción, porque se seguimos na mesma liña que.... Non

Sr. Alcalde: xa a leeu todo o mundo, lee os acordos.

Sr. Bouza Rey: pois entón lemos os acordos, que pedimos, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo: 1º.- Manifestar a vontade da Corporación municipal na defensa da nosa lingua e, especialmente, nos acordos unánimes adoptados polo Parlamento Galego para instrumentar as medidas de normalización do galego nos diversos ámbitos sociais. 2º.- Apoiar o “Manifesto pola convivencia lingüística e a igualdade de dereitos para o galego”. 3º.- Secundar as campañas e iniciativas que se promovan en defensa do idioma galego.

Sr. Alcalde: Ben abrese un turno de palabras. Grupos que queiran intervir... e? Haber... Fariña.

Sr Fariña (que traducido di): eu imos a ver, outra vez coa exposición de motivos, hoxe a teño tomada coa exposición de motivos. Pero eu creo que nesta é clarificadora, sobre todo cando fai mención á esperpéntica situación dos derradeiros anos da suposta discriminación do castelán. Ou cando dí que non se dan as garantías para o uso normal do galego na educación. Concluindo que en doce anos se reduxo á metade a cantidade de persoas que falan habitualmente o galego. Na miña opinión o BNG, non aprendeu nada, e o que é peor, non quere aprender das recentes eleccións ó Parlamento galego, e ás de onte mesmo. E eu creo que hai dúas mensaxes claras, nunha e noutra, dúas mensaxes que os galegos dimos, que os galegos dimos ó BNG, e tamén o PSOE, unha que non hai dúas galicias, que hai unha soa Galicia, e dúas, que os galegos o que non queremos son imposicións. Sean no campo que sexan, tamén no campo da lingua. Ningunha, remato dicindo que no tema da educación non o entendo. Sobre todo no noso ámbito, non sei si na universidade ou noutra parte. Pero no noso ámbito non o comprendo. Espero que algún día mo aclarades e digades a verdade de o que ocorre, no noso Mugar dos a este respecto, nada mais. Se me permites unha aclaración mais. Eu creo que sería bon, sería bon porque cando nas conclusións que é o importante, o BNG di que: “ Apoiar o manifesto de convivencia lingüística” sería bon que o leramos, que o leramos, nada mais.

Sr. Alcalde: Ben, Juan Domingo

Sr De Deus Fonticoba (que traducido di): Ben imos a ver. Loxicamente a estas horas imos a tentar de concretar. Nós xa intuimos este tipo de debates. O que pasa é que non son

do agrado de todos porque parece que van en contra de alguen. E eu creo que ese non é... non é a filosofía de ir en contra de ninguén nin de ir en contra dos demais. Eu creo que, eu creo que , e moitos coma min, creen que Galicia ten unha riqueza singular respecto a outras comunidades autónomas, e é a de poder contar cunha lingua mais, que a enriqueza. O que pasa é que cando a lingua se usa para dividir e non para entedernos, que son para o que as linguas se realizan, pois leva como consecuencias un enfrontamento social que eu penso que nos tempos que corremos non é bon. E polo tanto eu creo que a liberdade en termos xerais, e a que debe primar na vida cotiá de cada cal. Polo tanto, ben... sabendo de que un tema que o BNG ten como principal nas súas campañas e etc, etc, de xeito que nós non compartimos pero que no fondo ven a dicir que o galego é a bandeira inicial, sobre o que todo o demais queda subordinado, eu creo que ten un perigo, como ben remata de dicir Manuel Fariña, os galegos non entenden de todo. Non entenden porque se supedita como digo a outra serie de dereitos fundamentais que ás veces se ponen ou se queren poñer en contraposición. Eu creo que os dereitos, dereitos son, e hai que respetalos todos, incluído o que quere falar en galego, e o que é libre de falar sempre en galego, sempre en castellano, ou como eu mesmo agora fago, como non son escravo dos meus principios, falo en galego cando me peta e falo castelán cando me peta tamén. É unha cousa da que podemos presumir, polo tanto certo é, que nos temos dende a Xunta de Galicia tamén hai un troco da política, cara a priorizar sobre todo o tema da liberdade e polo tanto nós, independentemente de que non estamos de acordo co manifesto a prol da convivencia, no fondo podíamos matizar etc, etc. Pero ben, incluso así, incluso sabendo que a posición manifestada polos galegos, é en certa medida e parecida á que temos nós e outros grupos, aínda así non queremos fomentar confrontacións nin tampouco dende o ámbito municipal. E tanto é así, que non queremos empregar a lingua como instrumento contra ninguén. E polo tanto aínda así imos a tentar chegar a un acordo con vostedes para consensuar unha moción. Fixese ata onde chega a liberdade da convivencia de esa que nos dín, que debemos de practicar todos os días. E... ata aí e o que queremos, polo tanto queremos emendala cunha serie de referencias. En primeiro lugar queríamos que suprimira o tema do manifesto a prol da convivencia lingüística porque non o compartimos nalgúns dos seus apartados, e como non o van a cambiar, pois o aprobamos na súa totalidade ou non o aprobamos. Pero ben, salvo as emendas que propoñemos están as de... imos a ver estou mesturando... están as de articular un modelo, o Concello de Mugar dos inste a Xunta de Galicia a articular un modelo que garanta ao remate das etapas educativas a igual competencias das dúas linguas oficiais. Atendendo tanto a liberdade lingüística, como á promoción do galego. E un segundo punto tamén consultar os sectores implicados en materia educativa incluíndo a pais e nais, a definición dun modelo lingüístico que garanta a convivencias das dúas linguas, sen confrontacións. Polo tanto esto son dúas aportacións que facemos dende eiquí, e nunha primeira intervención eu creo que expoñan os grupos as súas exposicións e... en función do debate matizaremos a nosa posición definitiva.

Sr Alcalde: Non hai mais palabras.

Sr Bouza Rey : Ben, Sr. Fariña, se para gañar media ducia de votos temos que renunciar a un dos nosos principais valores como pobo e como nazón, pois non vamos renunciar sabe?. Remataremos sen ningún voto, pero non vamos renunciar. E eso son conceptos diferentes dunhas persoas a outras. Pero bueno, pero eiquí se está a dicir se esta

moción é obrigada a presentala polas mentiras que ata o de agora, que ata este momento e na anterior campaña electoral se estiveron dicindo neste país. Nós non pedimos nada mais nesta moción, de que se cumpla o Estatuto, e a Lei de Normalización Lingüística que recordo neste Pleno que foron aprobadas por unanimidade, por unanimidade, nada mais que estamos pedindo iso. E tamén claro, poñer en dubida un informe da Real Academia Galega pois bueno, pois moi ben que se poña en dubida. Que se poña en dubida un informe do Parlamento Europeo pois tamén nos parece ben. Pero eiquí podemos salir á rúa, preguntarlle a calquera persoa si se ve que o español está ameazado por alguén. Porque, porque bueno, era o que nos faltaba. E así como di, o señor voceiro do PP, que el pode falar tanto en español como... pero se nadie o está a poñer en dubida. E que os que están poñendo en dubida son vostedes... aos que queren, respetar o seu idioma, aprobado no Estatuto, que por certo o BNG non aprobara, e na Lei de Normalización. Entón por favor, queremos un galego como teñen en outras autonomías ou en outras nacións de España como teñen... e que non se pon en dubida ningunha, e resulta que eiquí está ameazado o español. Pero bueno, eso valeu para gañar as eleccións ao Partido Popular, e coas promesas que dixo de que imos a facer unha consulta, ogallá como van a facer consulta cos país e coas nais para ver en que idioma queren falar, haber se nos consultan outras historias. Posiblemente non se vaian facer referendums para aprobar se nos interesa esto ou non, isto por decreto, e o outro poñendo en entredito as leis que están marcadas agora, resulta que todo o mundo nos tiramos da cabeza e xa digo, manifestar a vontade da corporación, da defensa da nosa lingua, e especialmente nos acordos unanimes adoptados polo Parlamento galego. Apoiar o manifesto pola convivencia que aprobou, secundar as campañas de iniciación... e isto resulta que vai a debate. A min ninguén me prohíbe falar en español, ninguén. Tampouco ninguén me prohíbe falar en galego, pero eu cando chego a unha administración que lle pagamos todos e que ten o deber de saber o galego quero que me fale e que me conteste en galego. Porque así o aprobamos todos, e así saleu da lei e do estatuto. Home, non seamos eiquí, como decía xa Fariña antes as eleccións xa pasaron eh?. E non imos mover para nada nin un ápice a nosa moción.

Sr. Alcalde: Espera un segundiño, haber. Bouza se puxo todo cabreado, pero a cousa non é para tanto, creo eu non?. Imos a ver, eu creo que as mocións que se traen eiquí políticas ós plenos pois claro... Pois todas pretenden dicía que as mocións políticas todas pretenden pois eh... sacar un rendemento político do grupo que as presenta. Pero o certo e que nesta en cuestión que e sobre a defensa, a defensa da nosa lingua, creo que non debera de... sobre todo os que representamos, os que somos cargos públicos das administracións, neste caso da administración local creo que non debera dar lugar a un debate, e... un pouco digamos agrio, porque é unha obriga dos poderes públicos de potenciar a nosa lingua nos diferentes ámbitos. Entón eu xa sei que todo o mundo ten a liberdade. Non é cuestión de privar a liberdade das personas, a xente pode falar na lingua que lle pete, evidentemente. Pero cando estamos nunha administración si que temos a obriga, porque así o aprobou o Parlamento Galego por unanimidade de que todos os poderes públicos pois traten de... de fomentar o uso da lingua no seu ámbito non?. Entón eh... eu creo que a lingua e o que nos diferencia con respecto a outras comunidades diferentes do estado español. A nós tocounos de vivir eiquí en Galicia, e non temos culpa de ter unha lingua propia. Polo tanto o que nos diferencia, o temos que defender senón pois o final non seremos o que somos, seremos outra cousa. E o ser galegos non é porque vivamos eiquí na punta noroeste do estado español, nunha zona que se chama

Galicia. O ser galegos é mais que eso. O ser galegos e ser a nosa lingua, a nosa historia, nosa cultura e por iso somos galegos, non somos por outra cousa. Entón abrir un debate agrio sobre esta cuestión pois creo que non é moi prudente nin moito menos. Considero que é unha cousa que temos que defender e respetando respetando, digamos a vontade dos demais. Pero dentro de onde estamos pois temos unha obriga, polo tanto coido que non debe dar lugar a moito debate. Porque eiquí está debatindo a obriga que temos de... por ser... por estar nunha administración e polo tanto é unha obriga, non é unha liberdade. Dito isto pois lle paso a palabra a Ignacio que pediu a palabra e logo a Pilar.

Sr. Fernández Fernández (ue traducido di): Gracias, eu vou a ser moi breve. E... a Lei de Normalización Lingüística foi aprobada por unanimidade o 15 de xuño de 1993 no Parlamento de Galicia. Este luns cumprirá por tanto 26 anos, durante os cales producíronse avances decisivo no proceso de normalización da lingua galega. Pero todavía queda moito por facer para a convivencia en harmonía e cooficial das dúas linguas. Eu creo que somos os cidadáns os que en todo momento exercemos a liberdade que temos de empregar unha ou outra lingua. Pero sempre coa claridade de que nada nos impide facelo nun ou noutro sentido. Eu creo que con esta salvedade e con esta liberdade non teño nada mais que dicir, eu creo que nós imos a apoiar esta moción.

Sr. Alcalde: gracias Ignacio. Pilar

Sra. Díaz Otero (que traducido di): si imos ver. Tiña pensado intervir, pero para ser breve, eu creo que eiquí hai un debate político, non estamos a debatir sobre a legalidade. Eiquí debateuse unha moción do BNG. Que ademais como no seu acaloramento recordou o voceiro do BNG ven obrigada polas mentiras na campaña. É dicir, non estamos a debatir si a administración local cumpre ou non cumpre as leis en vigor. Estamos a debatir outra cousa, unha moción do BNG como dicía antes, así o advirteu o voceiro do BNG, pero é que o voceiro do PP tamén introduce novos elementos como a consulta pais ou nais dentro do acordo. Polo tanto estamos a debatir a batalla política que hai na rúa. Se é bon ou non que se debata nas institucións? Si eu son partidaria de que se debata todo o que haxa que debatir. O que si creo é que si queremos chegar a acordo vai a ter que estar reflexado so o punto número un. Que é o acordo por unanimidade no parlamento, o acordo por unanimidade no concello e demais. Si se quere chegar a un acordo por unanimidade. Polas posicións plantexadas, independentemente de que haxa mais concelleiros ou menos de acordo co punto dous, o co punto tres, ou coa incorporación de novos puntos que propoñían o Partido Popular eu creo, si non a queremos empregar como arma arroxadiza, o punto número un en principio é o que ten a vontade da corporación, que iso está aprobado a través do reglamento que temos e demais, e o acordo unánime adoptado polo Parlamento de Galicia. Eu creo que iso pode ser o que vincula aos trece. Senón porque coas incorporacións do PP ou coa parte do dous ou do tres que propón o BNG, o PP non estaría de acordo. En fin, eu creo que o ten que resolver a poñencia esta cuestión pero dende logo a unanimidade creo que estaría no punto número un.

Sra. Díaz Prados: quero facer un par de aclaracións a toda a intervención que fixo Juan Domingo neste caso o PP. Primeiro o enfrontamento social en Galicia polas cuestións de idiomas non existía, non existía en Galicia ata que o PP o decidiu empregalo, e é verdade,

decidiu empregalo como arma arrojadiza electoral. Sabí que había un caladoiro importante de votos aí, e decidiu aproveitalo. E... non houbo enfrontamento social en Galicia polo tema do idioma porque evidentemente nas escolas e... hai unha convivencia como lles gusta dicir a vostedes, amable, amable, e un bilingüismo amable. E hai un bilingüismo amable, porque os mestres permiten que os nenos se dirixan a eles nun idioma que non sexa o galego cando eles están facendo a intervención en galego, e o revés, os mestres que falan en castelán tamén permiten que se dirixan a eles en galego cando non están empregando esa lingua como lingua vehicular na aula. Con respecto á lingua nunca debería de ser un modo de enfrontamento, porque evidentemente nós somos galegos, e o que nos diferencia e o que nos define como galegos, é que temos unha lingua propia. E a lingua é do pobo, e cando me refiro ó pobo me refiro á xente que forma esta nación que é Galicia. A todos e cada un de nós e iso é enriquecedor para todos. Tamén temos que saber, ou deberíamos de saber que a lingua e a linguaxe, e a que conforma a construción social da realidade. É dicir, non é o mesmo, non é o mesmo falar un idioma que outro. E non é o mesmo porque a nosa... o que vamos a reflectir sobre a realidade e eso podes coller calquera estudo de calquera sociólogo ou de calquera linguísta ou de calquera psicólogo cho vai a reflectir así. A realidade é completamente diferente, as realidades son diferentes e Galicia, Galicia ou Galiza é unha realidade diferente dentro do estado español, completamente diferenciada. Porque vostede estará de acordo connigo que precisamente a riqueza do estado español é ter todas esas realidades diferentes, somos un país multicultural. E neste país que é Galicia ou nesta nación que é Galicia ou nesta Comunidade Autónoma como vostede prefira, que é Galicia, hai un Estatuto de Autonomía que vostedes aprobaron e que pon que a lingua propia de Galicia é o galego. Os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa. E disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento. Evidentemente a día de hoxe nin na vida pública, nin na vida cultural ni na vida informática, e só temos que ver os debates que temos eiquí, e a lingua que se emprega normalmente, e só temos que ir a un kiosko a mercar unha revista ou un periódico ou un xornal, e haber cantos temos no noso idioma. E evidentemente na vida cultural temos bastante escasez do uso do idioma, se está a cumprir este artigo do Estatuto de Autonomía de Galicia. E evidentemente coa nova lei, porque isto si que é unha cuestión política, neso estamos completamente de acordo, co co... co a nova reforma que lle quere dar o señor Feijoo noso Presidente da Xunta de Galicia. E dicir, con tirar abaixo, o que quere tirar abaixo que todos sabemos o que é, se intenta buscar unha involución do galego. Por certo, a consulta que vai a facer o señor Feijoo, as familias ás nais e os pais dos nenos, me parece moi ben, está estupendamente, pero evidentemente quedaramos xa fai tempo, había un acordo de que os pais e as nais e... os pais e as nais teñen moito que dicir sobre a educación dos fillos pero non de este xeito. Porque isto non vai a cumprir nin as garantías mínimas e? do que podía ser un referendo ou algo polo estilo, non vai a cumprir ningún tipo de garantías mínimas. E por certo tamén dicir dende eiquí, que o derradeiro punto se refire ó idioma do inglés, que non sei que ten que ver co galego, pero non fai referencia ningunha ó francés, o chinés ou ó portugués por exemplo, que tamén son linguas que se están a dar nas escolas. E ademais se nos imos a poñer en que decidimos os pais, como queremos a educación dos nosos fillos os pais, como vai a ser a educación dos nosos fillos se nos vamos a meteren contidos metodolóxicos... pois evidentemente tamén poderíamos preguntar, facer unha consulta, vostedes mesmos poideron facela en... na Comunidade Autónoma de Valencia, por exemplo cando decidiron dar a

asignatura de cidadanía, educación para a cidadanía en inglés. Debe de ser para que os nenos non se decatasen ben do contido que tiña a mesma.

Sr Alcalde: Ben haber, entón pediría brevidade e ademais xa vos anuncio que queda unha moción e a vamos a deixar para o próximo Pleno Ordinario. Como non é unha cousa urxente e?. Ben Fariña veña.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Haber, eu parto dun principio que e é que eu creo que é correcto que o BNG defenda o que é fundamental para él, que o seu ideario. Entendoo perfectamente. Tamén pido entendemento para os que entendemos que este ideario fundamental non é o noso, de acordo?. E que da a impresión de que non é así, e polo tanto algo hai, algo ocorre, e non é media ducia de votos Sr Bouza, non é iso. Nos derradeiros anos, perderon moitísimos votos, moitísimos. E algo terá que ver con isto, digo eu. E son cidadáns galegos os que votan. Non son lunáticos. Despois algunha cousa, fago unha afirmación mais, e agora Angeles acaba tamén de facer mención. E que eu me vexo, teño dous mundos. Eu dixen que había dúas cousas que diferenciaban moito ós galegos, ou que diferenciamos á hora de votar. Na Galicia e a Galiza, cando se argumenta que a Real Academia etc etc, cousas de ese tipo, diga ou digan tamén, que esta dixo que o nome correcto era Galicia, non era Galiza, de acordo. Pero eu quero centrarme no tema de Mugar dos, mais que outra cousa. O resto parece perfectamente ben. É o tema de Mugar dos, se fala da ensinanza de non sei que e non sei canto. Pois mira, a realidade non é esa, esa realidade é a túa realidade, e Angeles. A realidade da xente non é esa, todalas asignaturas en Mugar dos na ensinanza, todas excepto o castelán, a lingua castelá, se dan en galego, todas. Permitesme, permetesme, todas. E en Mugar dos ocorren cousas singulares, e quero que quede grabado, cousas singulares, e documentadas están, de que nunha redación dun tema de sociais, unha alumna puxo País Vasco, País Vasco, e lle quitaron medio punto. E esa mesma alumna, por non poñer, por non poñer... e... cal era o outro tema... se me ven á mente digoo. País Vasco, ah, Galicia, Galicia, por poñer Galicia, e non poñer Galiza quitaronlle outro medio punto. Non é... non me estou equivocando porque iso lle ocorreu á miña neta. E teño probas porque teño a copia do exame. E houbo que corrixir o exame. Esa é a persecución que eu non quero. A imposición que eu non quero. De acordo, o tema. Salvo que a compañeira Angeles o que pretende é que o castelán se de en galego. Ben pois vale, vale. Estou a falar eu, estou a falar eu. Eu creo que o defender a lingua, a nosa lingua, e digo a nosa lingua, de defendela e sempre positivo. Pero se nos pasamos, ás veces o positivo volvese pasivo. É dicir, non se pode traer unha moción, que eu creo que o primeiro punto e asumible por todos. E dicir, se se move unha soa coma punto. Iso é coacción amigo, aínda que é a liberdade despois de votalo, estasmee coaccionando Barcía ou Barcia non, Bouza. Eu como... do que votei voteino, tal é o meu tema que me estou a expresar en castelán e a miña acta vai a ser corrixida, traducida ó galego. E vexoo perfectamente ben. Como así vexo ben, que cando eu manifeste que quero que puntualmente este apartado sexa en castelán, apareza en castelán. Perfectamente ben. Iso entendoo perfectamente, non o outro. Os seus ideais políticos os defende onde os ten que defender, punto nada mais. Pero a realidade concreta en Galicia e outra historia, é outra é a realidade concreta. E eu creo que ten que ser, ten que ser vulnerable a esta situación. Senón pois ben, seguiremos os galegos plantexandonos as cousas. E claro están no nove por cento, rematarán sendo un grupo extraparlamentario, auguroo de seguir así. Salvo que supoño e creo que si o

hai. Hai xente moi intelixente dentro do BNG e tomará as medidas convenientes para que esa corrección se faga. Pero fundamentalmente as dúas cousas. O das dúas galicias era claro, pero ata na terminoloxía se veía. E por derradeiro, non a vostede, senón ó voceiro do PSOE, eu Monse... Montserrat García, non é compañeira miña política non é, creo que é unha compañeira do PSOE, vale? E esta dí, que todo o contrario do que vostede acaba de manifestar, todo o contrario. Eu non sei, si moi respectable, si claro. Eu non sei si vive noutro sitio, si pois será amiga, pero ideario político igual que o teu non o ten. Di que sempre estivo acompañada de ataques por parte dos galeguistas respecto o castelán. Todo o contrario do que está a dicir vostede. E a consecuencia é que onde están a gobernar teñen problemas para asumir o tema cando non dependen do Bloque que é certo. Cando dependen do Bloque tragan como, como... todo o que sexa. Pero cando non, obviamente votan en contra. E eu creo que hai que pedir prudencia ás cousas e claridade. E o mesmo que acabo de dicirlle o compañeiro do BNG, digolló a vostede, transmitalle a Zapatero que en Galicia non aprendeu nada, o PSOE non aprendeu nada, nada. E as consecuencias son as eleccións autonómicas e as do outro día. E algún día falaremos da necesidade da participación dos galegos tamén na vida pública mediante o seu voto. E veremos porque non se vota. Nada mais.

Sr. Alcalde: Ben haber, penso que... haber veña, derradeira intervención e? Veña, e por favor non te extendas, que xa te extendiches bastante.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): E... imos a ver. Non vou a entrar a debater cousas que xa están debatidas, nin vou a entrar a manifestar cal e a posición do Partido Popular nin vou a manifestar cal é, que queda sobradamente recollido cal é a postura do BNG. O que como ben di Fariña, o que non está moi claro cal e carencia, ou a coherencia do PSOE porque nas Pontes di unha cousa contraria ó que din eiquí, e eiquí din perfectamente a contraria. Esas son cousas que están ben, porque hai liberdade e tal, pero non é a coherencia que se pide dun partido político. Eu creo que esas cousas son as que aos veciños e veciñas ao fondo, no fondo da cuestión son as que non lles gustan, que eiquí se diga unha cousa e maña se diga a contraria. Independentemente de que o BNG, coherentemente sempre manifeste a súa posición e o Partido Popular defenda a súa, e cada un defenda a súa. Pero o que non se pode dicir cando se representa a un partido político e unha cousa eiquí, e outra, a contraria a escasos 40 kilometros de eiquí. Independentemente da liberdade. E o que sinxelamente, manifestar que independentemente de que partimos cun respaldo creemos neste asunto, un respaldo maioritario dos galegos, porque así o manifestaron, nos chegamos eiquí, coa vontade, con toda a vontade do mundo de tentar chegar a un acordo. Porque entendimos a manifestamos que o idioma non pode ser unha ferramenta de... de... de confrontación. Pero parece ser que non, aínda así non serve, o BNG non se baixa do seu, do seu punto de vista e polo tanto e... o que non pense igual que él queda fora do tema. Ben mire, xa que non quere manifestar a... o seu intento de acordo pois non tampouco manifestamos o noso. De todolos xeitos e... adoctrinar con Galescolas, sinxelamente o uso do galego, querer redactar un plan de urbanismo integramente en galego, que os pregos administrativos e da administración vaian exclusivamente en galego, que as actas, como dixo Fariña, está moi ben, tamén vaian en galego non vai contra a convivencia, non vai precisamente na convivencias das dúas linguas cooficiais. E está moi ben manifestar o Estatuto de Autonomía, está moi ben a Lei de Normalización Lingüística pero as veces olvidanse dunha normativa, dunha xerarquía

normativa, por favor tiveches o teu turno e non te interrumpín, e a xerarquía normativa non se pode vulnerar cando a un lle interesa. E por riba da Lei de Normalización Lingüística, por riba do Estatuto de Autonomía hai o que se chama a Constitución Española, que a vostedes tan pouco lles gusta e que manifesta os dereitos e deberes fundamentais de cada un dos que estamos eiquí representados. E é a liberdade a falar na lingua que a un lle de a gana na súa cooficialidade. Que no caso galego é o galego e o español, o castelán. Polo tanto está moi ben, pero cando nomeen o Estatuto de Autonomía e todo, nomeen tamén a Constitución Española. Ese e o máximo referente ao que teñen que acudir. E unha vez que superen iso falamos do demais. De todolos xeitos estou moi ledo, porque falei en galego e en castelán. E mantiven a mesma coherencia eiquí que nas Pontes, e eiquí e en Madrid, e eiquí que en Cangas, e iso é o que define as posicións dun partido coherente, de outros que defenden unhas veces unha cousa e outras veces outras.

Sr. Alcalde: Ben gracias Juan Domingo, unha derradeira intervención pequena.

Sr. Fernández Fernández (que traducido di): ben vou a ser so moi breve, a coherencias mantemolas nós no Parlamento, onde os nosos parlamentarios acordan e aproban leis, e vamos con elas ata o final e asumimolas. Independetemente de que unha compañeira e amiga Montse García, teña unha opinión, unha, dentro do conxunto, á que vostede agorrouse como un clavo ardente, para falar eiquí das Pontes, das Pontes, das Pontes. Cando estamos a falar dunha moción e duns acordos presentados polo grupo municipal do Bloque. Nada mais que dicir.

Sr. Alcalde: gracias Juan Domingo, ben e... se somete a votación

Rematado o debate, sométese a votación o asunto e o Concello Pleno, por seis votos a favor (4 BNG, 2 PSOE) unha abstención (EU-IU) e tres en contra (2 PP,1 IPM), acorda prestar a súa aprobación presentada polo grupo municipal do BNG sobre sobre a defensa da nosa lingua e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1º.- Manifestar a vontade da Corporación municipal na defensa da nosa lingua e, especificamente, nos acordos unánimes adoptados polo Parlamento Galego para instrumentar as medidas de normalización do galego nos diversos ámbitos sociais.

2º.- Apoiar o “Manifesto pola convivencia lingüística e a igualdade de dereitos para o galego”.

3º.- Secundar as campañas e iniciativas que se promovan en defensa do idioma galego.

6.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. SOBRE A AMPLIACIÓN A FAVOR DOS TRIPULANTES DAS AXUDAS PREVISTAS POLA PARALIZACIÓN TEMPORAL DA FLOTA PESQUEIRA E INSTANDO AO GOBERNO CENTRAL A ACELERAR O SEU ABOAMENTO.

O presente punto deixase pendiente para a seguinte sesión do Concello Pleno.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as catorce horas e vinte e cinco minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e prace
O ALCALDE,